

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 12 de novembro de 2015

ASISTENTES:

Membros :

Excmo. Sr. Alcalde
D. David Regades Fernández
D. Carlos López Font
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
D. Angel Rivas González.
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez

NON ASISTEN:

D^a M^a. Carmen Silva Rego
M^a José Caride Estévez
D^a. Olga Alonso Suárez
D. Jaime Aneiros Pereira.

Invitados

D^a. Angeles Marra Domínguez

Na Casa do Concello de Vigo, ás trece horas do día doce de novembro de dous mil quince e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1262).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión extraordinaria e urxente do 28 de outubro e ordinaria do 30 de outubro de 2015 . Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

2(1263).- TOMA EN CONSIDERACIÓN DOS ESCRITOS PRESENTADOS EN PERÍODO DE EXPOSICIÓN PÚBLICA DAS MODIFICACIÓNS DE ORDENANZAS FISCAIS PARA O EXERCICIO 2016. EXPTE. 2211/500.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da directora de Ingresos, do 9.11.15, conformado polo interventor xeral e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

No Boletín Oficial da Provincia de 1de outubro de 2015 e na prensa local con data 9 de outubro de 2015, foron publicados sendos anuncios de exposición pública dos acordos provisionais

adoptados en sesión plenaria de 28 de setembro de 2015 sobre Modificacións de Ordenanzas Fiscais contidas nos puntos 3.2 a 3.10 da orde do día, todo isto de conformidade co artigo 17.2 do RDL 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

A) Durante o período de exposición pública de trinta días hábiles comprendidos entre o día 2 de outubro e 7 de novembro pasado, tiveron entrada no Rexistro Xeral os seguintes escritos:

- Documento nº 150129632 con data de entrada no Rexistro Xeral de 13/10/15 asinado por D^a Rosa Fernández Yáñez con DNI número 36133422P.
- Documento nº 150138200 con data de entrada 30/10/15 formulado por D. Serafín Otero Fernández, responsábel de política institucional do BNG Vigo.

Fora de prazo, referíndose tamén ás Modificacións de Ordenanzas Fiscais para 2016, foron presentados:

- Documento nº 150109135 con data de entrada no Rexistro Xeral de 26/08/15 asinado por D^a Yolanda Romero Alegret, con DNI 35445935Z.
- Documento nº 150122003 con data de entrada 25/09/15 formulado por D. Serafín Otero Fernández, responsábel de política institucional do BNG Vigo

B) Foron remitidos ao Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo, os catro escritos mencionados, solicitando deste un pronunciamento sobre a consideración ou non de "reclamacións" nos términos do artigo 17.1 do RDL 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

A sala do TEA do Concello en sesión celebrada o 9/11/15 ditamina favorablemente o texto que se transcribe de forma literal:

"A Sra. Fernández Yáñez reitera no seu escrito, en similares términos ó xa expresado no ano anterior, a discriminación que supón, ó seu entender, que non se apliquen as bonificacións establecidas para as familias numerosas a aquelas que teñen somentes dous fillos.

A Sra. Romero Alegret propón un troco no tratamento dos elementos que definen a cota tributaria na regulación das taxas por recollida de lixo.

O Bloque nacionalista Galego propón unha redacción alternativa de diversos artigos de Ordenanzas.

O artigo 111 da Lei 7/1985, reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), establece que "Los acuerdos de establecimiento, supresión y ordenación de tributos locales, así como las modificaciones de las correspondientes Ordenanzas fiscales, serán aprobados, publicados y entrarán en vigor, de acuerdo con lo dispuesto en las normas especiales reguladoras de la imposición y ordenación de tributos locales..." e a dita normativa especial ven constituida polo establecido nos artigos 15 a 19 do RDLex 2/2004, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLFL) que, no que aquí nos interesa, prevé no seu artigo 17,1 un trámite de exposición pública durante o que "... los interesados podrán examinar el expediente y presentar las reclamaciones que estimen oportunas".

Este trámite de información pública para presentar reclamacións ven configurado dun xeito máis restrictivo que o definido para o procedemento para a aprobación das ordenanzas non fiscaís do artigo 49.b) da LRBRL (que se configura coma trámite "...para la presentación de reclamaciones y sugerencias") e, por conseguinte, e ós efectos das reclamacións que poidan ser presentadas, a admisibilidade das mesmas (previa á estimación ou desestimación das admitidas) requerirá a triple concorrencia dos requisitos obxectivo, subxectivo e temporal.

No suposto dos escritos de alegacións remitidos, cumpren coas condicións subxectivas (suxeito que pode verse afectado polo acto ou partido político que actúa en virtude de representación popular) e temporal (presentado en prazo). Nembargantes, e en relación có obxecto das alegacións, non se basea no incumplimento de norma algunha sinón que se limita a facer unhas apreciacións "de lege ferenda" (é dicir, do que entenden as persoas interesadas que debería establecer a norma) que se enmarcarían no exercicio do dereito de petición do artigo 29,1 da Constitución e non coma reclamacións ás Ordenanzas Fiscaís, cuxo contido ven limitado, por impoñelo así o mentado artigo 17,1 do TRLFL a cuestións de discrepancia da norma aprobada inicialmente coas normas de rango normativo superior e non á apreciación do que a dita Ordenanza Fiscal debería regular.

Neste aspecto, compre ter en conta que, segundo establece o artigo 7.1 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria (LXT) "Los tributos se regirán:

- a) Por la Constitución.*
- b) Por los tratados o convenios internacionales que contengan cláusulas de naturaleza tributaria y, en particular, por los convenios para evitar la doble imposición, en los términos previstos en el artículo 96 de la Constitución.*
- c) Por las normas que dicte la Unión Europea y otros organismos internacionales o supranacionales a los que se atribuya el ejercicio de competencias en materia tributaria de conformidad con el artículo 93 de la Constitución.*
- d) Por esta Ley, por las Leyes Reguladoras de cada tributo y por las demás leyes que contengan disposiciones en materia tributaria.*
- e) Por las disposiciones reglamentarias dictadas en desarrollo de las normas anteriores y, específicamente en el ámbito tributario local, por las correspondientes ordenanzas fiscales..."*

Polo tanto, os escritos referidos, ó entender deste Tribunal, non teñen a condición de reclamación ás Ordenanzas nos termos do artigo 17,1 do TRLFL e, polo tanto, as Ordenanzas Fiscaís poderían entenderse aprobadas definitivamente sin necesidade de novo acordo plenario ó non se ter presentado reclamación admisible algunha contra elas".

A vista do anterior, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1º) Tomar en consideración o Informe previo do TEA do Concello de data 9/11/15, debendo entenderse definitivamente aprobadas con data 9/11/15 as Modificacións de Ordenanzas Fiscaís para 2016 que se relacionan a continuación e que foran aprobadas provisionalmente en sesión plenaria de 28 de setembro de 2015,

- 1. Modificación ordenanza fiscal xeral. (1)**
- 2. Modificación ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre bens inmobles. (2)**

3. *Modificación ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre vehículos de tracción mecánica. (3)*

4. *Modificación ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre actividades económicas. (4)*

5. *Modificación ordenanza fiscal reguladora das taxas polos documentos que expida ou que entenda a administración do concello ou a dos seus organismos autónomos, a instancia de parte. (10)*

6. *Modificación ordenanza fiscal reguladora das taxas pola inmovilización, retirada, depósito e custodia de vehículos. (15)*

7. *Modificación ordenanza fiscal reguladora das taxas pola recollida do lixo. (16)*

8. *Modificación ordenanza fiscal reguladora das taxas por aproveitamento especial da vía pública con estacionamento de vehículos de tracción mecánica en determinadas rúas municipais. (34)*

9. *Modificación ordenanza fiscal reguladora das taxas pola prestación de servizos de subministración de auga potable, rede de sumidoiros, saneamento e depuración de augas residuais. (60)*

2º) *Respecto dos escritos presentados como alegacións, propostas ou suxerencias, serán tramitados conforme ao dereito de petición no que se enmarcan.*

Acordo

A Xunta de Goberno presta conformidade ao precedente informe-proposta.

3(1264).- INSTRUCCIÓNS PARA A PLANIFICACIÓN DA CONTRATACIÓN MUNICIPAL. EXPTE. 5430/241.

Dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Contratación, do 9.11.15, conformado polo concelleiro-delegado da Área, que di o seguinte:

Co obxecto de planificar adecuadamente á contratación municipal, a Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), require ós servizos e áreas municipais o cumprimento das seguintes instrucións:

“1º.- Co obxecto de actualizar o banco de datos e mellorar a contratación municipal, así como para realizar unha planificación dos contratos que pretendan adxudicarse no ano 2016, resulta preciso que comuniquen ó servizo de contratación:

- *Unha relación dos contratos maiores en vigor, así como as datas de vencemento do prazo contractual e, no seu caso, das eventuais prórrogas.*
- *Unha relación dos contratos menores en vigor.*
- *Os contratos maiores e menores que prevexan celebrar no ano 2016.*

2º.- *Dados os prazos legais necesarios para a tramitación dos distintos expedientes, é preciso que o envío dos expediente de contratos maiores ó servizo de contratación coa seguinte antelación mínima:*

- *Contratos suxeitos a regulación harmonizada: 12 meses*
- *Contratos suxeitos a recurso especial en materia de contratación: 9 meses*
- *Contratos maiores tramitados por procedemento aberto: 6 meses*
- *Contratos maiores tramitados por procedemento negociado con o sen publicidade: 3 meses*

Para poder determinar se o contrato está suxeito a regulación harmonizada ou recurso especial, ou ben para determinar se procede a súa tramitación por procedemento aberto ou negociado os servizos poderán consultar na intranet, no apartado de contratación una nota que leva por rúbrica procedementos.

3º.- *Comunicáselles que para facilitar a tramitación dos expedientes de contratación se ten colgado na intranet unha guía da documentación necesaria para inicialos e instrucións detalladas para a súa elaboración.*

4º.- *Deberán numerar os expedientes de contratación e facerlles un índice. Cada un dos servizos que interveñen nestes expedientes deberá numerar os documentos que introduza no mesmos.*

5º.- *Deberán anexar todos os documentos que se xeren durante a tramitación do expediente. Preferiblemente deberán asinarse os documentos con firma dixital ou na súa falta escanear o documento orixinal asinado para que sexa posible consultar todo o expediente no programa de xestión.*

6º.- *Recordáselles ós responsables do contrato a obriga recollida na cláusula 1.3 dos pregos de cláusulas administrativas particulares de “Elaborar anualmente un informe sobre a execución do contrato, ou un informe final á finalización do contrato se fose de duración inferior ó ano, no que se fagan constar as incidencias producidas no seu desenvolvemento así como calquera outras circunstancias que estime relevantes”. Informe do que deberá dar conta ó órgano de contratación no prazo dun mes dende a súa elaboración”.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

4(1265).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO CORPORATIVO DE IMPRESIÓN. EXPTE. 7075/113.

Dáse conta da proposta de data 9.11.15, asinada polo secretario da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A mesa de Contratación celebrada o 03 de novembro de 2015 acordou:

7.- Proposta de Clasificación.

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo corporativo de impresión Exped (7075-113.)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das ofertas presentadas, por unanimidade dos asistentes, se propón á Xunta de Goberno Local, na súa

calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2º TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: Dar conta a Xunta de Goberno da exclusións acordadas pola Mesa de contratación dos licitadores seguintes:

Na sesión da Mesa de 20-01-2015 de Carlingal, S.L. xa que non considera declarada a solvencia técnica pois non declara ter executados contratos similares ao obxecto do contrato nos tres últimos anos por un importe igual ou superior ao tipo de licitación.

Na sesión da Mesa de 10-02-2015 das empresas Canon España, S.A., Informática el Corte Inglés, S.A. (IECI) e NEA F3 Ibérica, S.L.U pois inclúen no sobre B información que permite coñecer os valores ofertados en criterios de adxudicación avaliados mediante fórmula.

Na sesión da Mesa de 16-10-2015:

- INFORHOUSE S.L. e Xerox España S.A. por que a súa oferta non cumpre os requirimentos mínimos recollidos no prego de condicións técnicas con respecto os dispositivos de impresión Tipo 6 con respecto a compatibilidade de este modelo co protocolo T.38 para envío e recepción de faxes.

- SPETEL GACILIA S.L. porque non cumpre os requirimentos mínimos recollidos no prego de condicións técnicas con respecto os dispositivos de impresión Tipo 6 por canto a documentación presentada non se corresponde co modelo ofertado por SPETEL GACILIA S.L.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no "Procedemento aberto para a contratación do servizo corporativo de impresión Exped (7075-113.)" no seguinte orde decrecente:

1.- Documentación e Imagen del Noroeste, S.L. 94,75 puntos.

Terceiro.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, Documentación e Imagen del Noroeste, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
- A documentación esixida na cláusula 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.
- Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Cuarto.- Requirit ao citado licitador o aboamento de 1385,01 euros en concepto de custe dos anuncios de licitación".

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

5(1266).- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE VESTIARIO PARA O PERSOAL MUNICIPAL. EXPTE. 71366/250.

Visto o informe de fiscalización do 29.10.15, dáse conta do informe-proposta do 21.08.15, asinado polo secretario da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A mesa de Contratación celebrada o 21 de agosto de 2015 acordou:

3.-Proposta de Adxudicación

a) *Procedemento aberto para a contratación da subministración de vestiario para o persoal municipal (expediente 71366-250)*

LEXISLACIÓN APLICABLE

- *Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).*
- *Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RLCSP).*
- *Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que no se opoña ó Real Decreto Lexislativo 3/2011.*
- *Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto da subministración de vestiario para o persoal municipal (PCAP).*

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local, na sesión do día 19 de xuño de 2015, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no “Procedemento aberto para a contratación da subministración de vestiario para o persoal municipal. (expediente 71366-250).” no seguinte orde decrecente para cada un dos lotes:

| | | Prezo de licitación | 103.360,00 € | Lote nº 6 PRENDAS ABRIGO POLICIA LOCAL | |
|---|----------------------------|---------------------|--------------|--|------------|
| | | Empresas | | | Puntuación |
| 1 | COMPLEMENTOS POLICIALES SL | | | | 83,00 |
| 2 | EL CORTE INGLES SA | | | | 68,10 |
| 3 | SAGRES SL | | | | 60,52 |
| | | | | | |
| | | Prezo de licitación | 58.520,00 € | Lote nº 7 PRENDAS VESTIR POLICIA LOCAL | |
| 1 | COMPLEMENTOS POLICIALES SL | | | | 83,00 |
| 2 | EL CORTE INGLES SA | | | | 78,20 |

| | | | | | |
|---|---------------------|-------------|-----------------------------|--|-------|
| 3 | SAGRES SL | | | | 16,25 |
| | | | | | |
| | Prezo de licitación | 41.490,00 € | Lote nº 8 PRENDAS BOMBEIROS | | |
| 1 | PEYCAR | | | | 86,00 |
| 2 | EL CORTE INGLES SA | | | | 63,82 |

Segundo.- Requirir aos licitadores clasificados en primeiro lugar, Complementos Policiais, S.L. (lote 6 e 7) e PEYCAR, S.L. (lote 8), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
- A documentación esixida na cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares.
- Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Terceiro.- Requirir aos citados licitadores Complementos Policiais, S.L. (lote 6 e 7) e PEYCAR, S.L. (lote 8), o aboamento de 1333,34 e 666,67 euros respectivamente en concepto de custe dos anuncios de licitación”.

Segundo.- A Mesa de Contratación de 5 de agosto de 2015 acordou repetir a notificación a PEYCAR do acordo de clasificación do procedemento aberto para a contratación da subministración de vestiario para o persoal municipal.

Este notificación foi efectuada o 05 de agosto de 2015 e o licitador presentou a documentación requirida en data 10 de agosto de 2015, dentro do prazo sinalado.

Terceiro.- Revisada a documentación presentada na sesión da Mesa de contratación de data 21 de agosto de 2015, e dado que esta é correcta, a Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda propoñer ó órgano de contratación a adxudicación do presente procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ó órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase ós licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, e comprobado que esta é correcta, procede adxudicar o presente contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de contratación. A proposta se realizará a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante, con respecto o lote 8 deste procedemento, é a formulada por PEYCAR S.L. S.L., á vista do informe das técnicas de Prevención de Riscos Laborais de 09 de marzo de 2015 e do xefe da área de Fomento de datas 31-03-2015, 06-04-2015 e 29-05-2015. Estes informes poderán consultarse no perfil do contratante do Concello de Vigo.

Terceiro.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar á PEYCAR, S.L, o lote 8 do procedemento aberto para a contratación da subministración de vestiario para o persoal municipal, (expediente 71366-250), por un prezo, IVE engadido, de 27.588,60 euros. Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(1267).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE GASTO MENOR TRAMITADOS POLO SERVIZO DA ÁREA DE CULTURA NO MES DE OUTUBRO DE 2015. EXPTE. 610/330.

Mediante escrito de data 9.11.15, en cumprimento das instrucións da base 31º das de execución do presuposto en vigor, o concelleiro-delegado da Área de Cultura, dá conta dos expedientes de gasto menor tramitados polo servizo da Área de Cultura, no mes de outubro de 2015, que son os seguintes:

| EXPTE | DATA | CONCEPTO | APLICACIÓN ORZAMENTARIA | Nº OPERACIÓN | IMPORTE | TERCEIRO |
|---------|----------|---|-------------------------|--------------|-------------|--|
| 566/330 | 14/10/15 | CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE REPARACIÓN EN CUBERTA E FACHADA DA PINACOTECA "FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO" | 33302120000 | 66684 | 17.976,57 € | Monte Román Empresa Constructora, S.L. |
| 568/330 | 14/10/15 | CONTRATACIÓN DE OBRAS DE REPARACIÓN EN PORTAS DE EVACUACIÓN DE EMERXENCIA DA PINACOTECA "FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO" | 33302120000 | 66685 | 3.985,23 € | Copcisa, S.A. |

| EXPTE | DATA | CONCEPTO | APLICACIÓN ORZAMENTARIA | Nº OPERACIÓN | IMPORTE | TERCEIRO |
|---------|----------|--|-------------------------|--------------|-------------|--|
| 580/330 | 15/10/15 | RESERVA XENÉRICA DE CRÉDITO PARA A EDICIÓN DE MATERIAL DE DIFUSIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAIS REALIZADAS NO DERRADEIRO TRIMESTRE DE 2015 | 33402260200 | 66729 | 3.000,00 € | ----- (XENÉRICO) |
| 586/330 | 14/10/15 | CONTRATACIÓN DA EDICIÓN DUN CARDENILLO ESPECIAL EN FARO DE VIGO PARA DIFUSIÓN DO PROGRAMA CULTURAL "ESPAZOS URBANOS DE VIGO" | 33402260200 | 66687 | 19.360,00 € | Faro de Vigo, SAU |
| 587/330 | 19/10/15 | CONTRATACIÓN DO CONCERTO DE CLAUSURA DO IV CONCURSO DE VIOLÍN E VILONCELLO "CIDADE DE VIGO" A CELEBRAR O 4 DE DECEMBRO DE 2015, NO AUDITORIO MAR DE VIGO, INTERPRETADO POLOS GAÑADORES DO CONCURSO DO 2014 | 33402260904 | 67474 | 4.200,00 € | Asociación Galega de Instrumentos de Corda |
| 595/330 | 29/10/15 | CONTRATACIÓN DA PRODUCCIÓN INTEGRAL DAS XXIII XORNADAS DE FILOSOFÍA "ALTHEIA" | 33312260906 | 71205 | 10.000,00 € | Grupo Aletheia |
| 599/330 | 29/10/15 | CONTRATACIÓN DA PRODUCCIÓN TÉCNICA DO CONCERTO DO GRUPO LADIBAIN CON NURIA LORENZO | 33402279900 | 71208 | 9.075,00 € | Laura Míguez Escudero |
| 600/330 | 29/10/15 | CONTRATACIÓN ARTÍSTICA DA ACTUACIÓN DE NURIA LORENZO E O GRUPO LADIBAIN | 33402260905 | 71209 | 3.425,51 € | Nuria Lorenzo López |

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(1268).- SUBVENCIÓN Á ASOCIACIÓN CULTURAL VERTIXE E PROXECTO DE CONVENIO PARA A REALIZACIÓN DA "VERTIXEVIGO 15 FESTIVAL

INTERNACIONAL DE CREACIÓN MUSICAL CONTEMPORÁNEA". EXPTE. 15119/331.

Visto o informe xurídico do 9.10.15, e o informe de fiscalización do 3.11.15, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Cultura e Bibliotecas, do 21.10.15, conformado polo xefe de Promoción e Xestión Cultural, o concelleiro-delegado de Cultura e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data 30 de agosto de 2015, o concelleiro-delegado da Área de Cultura D. Cayetano Rodríguez Escudero resolveu que polo servizo de Cultura se inicie o expediente de subvención do Concello de Vigo a ASOCIACIÓN CULTURAL VERTIXE para a organización e realización da "VERTIXEVIGO 15 Festival internacional de creación musical contemporánea", e realizar un convenio con esta entidade para regulala.

ANTECEDENTES.-

VertixeVIGO é un programa de concertos e actividades que ofrece unha panorámica ampla e desprexuzada da creación sonora internacional. Inclúe concertos de música contemporánea, música electrónica, música improvisada, talleres especializados, cursos de achegamento ao sonoro e actividades de dinamización para os máis novos.

Serve de plataforma de presentación aos novos creadores internacionais e permite establecer vínculos culturais que reforcen a nosa identidade nun marco globalizado, dando mostra en tempo real da rica diversidade que está a renovar o discurso das artes sonoras na nosa época e na que VertixeVIGO quere desempeñar un activo protagonismo.

Organizada pola Asociación Cultural Vertixe, un dos colectivos locais máis destacados na aposta pola música contemporánea e polo diálogo e a confluencia entre a música e as artes, quere converter á cidade nunha sala de concertos, explorando novas relacións entre os espazos e o público, establecendo sinerxías que permitan ofrecer contidos culturais de calidade cun aproveitamento máximo dos recursos e infraestruturas da cidade.

PROGRAMA:

*Mércores 4 de novembro 20:00h
Hall Auditorio Mar de Vigo
Proxecto ALIEN (CSM de Vigo e CSM da Coruña)
A ESPERA
cuarteto de saxofóns + cuarteto de percusión
colabora Techné Ensemble
Sofía Gubaidulina (Rusia, 1931) – In Erwartung (1994)*

*Venres 13 de novembro 20:00h.
Conservatorio Superior de Música
Espai Sonor
Confluencias
Director: Voro Garcia a
acordeón, saxofón, percusión, piano, violoncello, control e difusión sonora
Jose M. Fayos, Jose M. Ciria, Aurelio Edler, Nuria Gimenez, Georg Friedrich Haas, Alberto Posadas*

*Xoves 19 novembro 11:00-14.00h e 17:00-19:00h
Conservatorio Superior de Música
Zach/ Tolosa
Nuño/ Rykova/ Colak CAUSAL Encuentro Internacional de Compositores*

Mércores 18 de novembro 20:00 h

Fundación Laxeiro

Nou Ensemble

Tchnics

Violín, violoncello clarinete, guitarra eléctrica pedais, obxectos e vídeo.

Federico Guardabrazo Stasis

Alberto Bernal , Simon Steen-Sndersen, Jose Pablo Polo, Iñigo Giner, Mauricio Kagel, Luís Jover Cómas, Joan Bagés, Simon Loeffler.

Domingo 22 de novembro 18:00h.

Verbum

Vertixe Sonora Ensemble

Inside The Inside

Frauta, clarinete, saxofón, acordeón, cello, contrabaixo, percusión, piano.

Ingar Zach

Elena Rykova, Miguel Ángel Tolosa, Andrés Nuño de Buen, Murat Colak

Xoves 26 de novembro 11:00-14.00h e 17:00-19:00h

Conservatorio Superior de Música

Galaz/ Yaradni/ Propopenko/

Barroso CAUSAL Encontro Internacional de Compositores

Domingo 29 de novembro 18:00h.

Casa das Artes

Vse Metztli

Frauta/piccolo, clarinete+clarinetebaixo, saxofón, tuba, acordeón, guitarra/baixo, eléctrico, órgano hammond, piano, percusión, violín, cello, contrabaixo.

Juan Pablo Carreño, Pablo Galaz , Arash Yazdani, Natalia Prokopenko, Edgar Barroso

A memoria económica que se achega ao presente convenio, incorpora o presuposto xeral de gastos do programa obxecto do convenio polo importe total de 49.614,89 € (corenta e nove mil seiscentos catorce € con oitenta en nove céntimos), financiándose os mesmos mediante unha achega de 10.000 € do Concello de Vigo (20,16%), FONCA 10.311,47 (20,78%), INAEM 6.000 (12,09%), IBERMUSICAS 5.975,50 (12,04%), TONO 5.272,26 (10,63%), A.C. VERTIXE 4.365,31 (8,8%), BECA FRNZ-LISTZ 3.000 (6,05%), NOPA 2.108,71 (4,25%), KOMPONISTENES VEDERLAGFOND 1.581,64 (3,19%), UNIVERSIDADE DE VIGO 1.000 (2,02%).

DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da asociación , presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Proxecto da actividade
- NIF do Presidente
- CIF da Asociación
- Estatutos da Asociación
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Xustificante de solicitude de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificación da conta bancaria
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.

- *Certificación da axencia tributaria da exención do IVE*
- *Declaración doutras axudas.*
- *Cronograma actualizado.*
- *Escrito de data 1 de outubro de 2015 recibido por correo electrónico e remitido por Asociación Cultural Vertixe de aceptación do texto do convenio de colaboración relativo á “VERTIXEVIGO 15 Festival internacional de creación musical contemporánea” proposto polo Concello de Vigo.*

LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión subvención que outorgue o Concello de Vigo a Asociación Cultural Vertixe, para a organización do programa “VERTIXEVIGO 15 Festival internacional de creación musical contemporánea”, obxecto do presente convenio rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa a Asociación Cultural Vertixe deberá axustarse ao previsto no art.22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no presuposto do Concello de Vigo de 2015, como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade ca actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza ca oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrencia para o seu outorgamento.

De acordo co previsto no art. 26.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente; polo que se inclúe o correspondente proxecto de convenio na proposta de resolución.

ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde a materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo a Asociación Cultural Vertixe ten como obxecto financiar a organización do “VERTIXEVIGO 15 Festival internacional de creación musical contemporánea” e figura na partida 3340.480.00.00 “CONVENIO FESTIVAL VERTIXE SONORA”, a concesión dunha subvención nominativa por importe de 10.000 €, a favor da devandita entidade.

A subvención do Concello de Vigo a Asociación Cultural Vertixe, é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

CONDICIÓN DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN Á ASOCIACIÓN CULTURAL VERTIXE

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan no texto de proposta de convenio.

Coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura e, tralos informes xurídico e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, faise a seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

PRIMEIRO.- Aprobar a concesión directa da subvención de 10.000€ (dez mil euros) á Asociación Cultural Vertixe, CIF: G27751296, para o financiamento da “VERTIXEVIGO 15 Festival internacional de creación musical contemporánea”, organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á partida 3340.480.00.00 “CONVENIO FESTIVAL VERTIXE SONORA”, que figura no presuposto do Concello de Vigo.

SEGUNDO.- Que se aprobe o texto do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e Asociación Cultural Vertixe que regula o desenvolvemento da subvención outorgada para o financiamento do programa “VERTIXEVIGO 15 Festival internacional de creación musical contemporánea”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN CULTURAL VERTIXE, RELATIVO Á APORTACIÓN DO CONCELLO PARA A ORGANIZACIÓN DO PROGRAMA “VERTIXEVIGO 15 FESTIVAL INTERNACIONAL DE CREACIÓN MUSICAL CONTEMPORÁNEA.”

En Vigo, _ de _____ de dous mil quince

REÚNENSE

A Concellería de Cultura (en adiante Concellería), e no seu nome e representación, D. Cayetano Rodríguez Escudero, en virtude do seu cargo de concelleiro-delegado da Área de Cultura, Concello de Vigo (CIF P3605700H), para o que foi nomeado polo decreto de delegación de Alcaldía de 19 de xuño de 2015, acordo da Xunta de Goberno Local de 19 de xuño de 2015; con enderezo na Praza do Rei nº 1, CP 36202; no exercicio das facultades e demais funcións que lle foron conferidas por razón do seu cargo,

Doutra, D. Ramón Souto Caride, na súa condición de presidente da Asociación Cultural Vertixe (CIF: G27751296), actuando en nome e representación da devandita entidade, segundo as facultades que lle outorgan os estatutos da Asociación Cultural Vertixe, en adiante a ASOCIACIÓN.

Ámbalas partes teñen plena capacidade para levar adiante este convenio e,

MANIFESTAN

PRIMEIRO.-

Que a Concellería considera de interese social e cultural o programa “VERTIXEVIGO 15 FESTIVAL INTERNACIONAL DE CREACIÓN MUSICAL CONTEMPORÁNEA.”, toda vez que este complementa á programación cultural propia do Concello de Vigo e contribúe a dotar a

cidade dunha programación teatral estable posibilitando unha maior proxección exterior da cidade e a súa actividade cultural no conxunto do Estado e norte de Portugal.

SEGUNDO.- De acordo coa planificación e execución programática realizada pola Concellería para o 2015, e dada a especificidade e exclusividade das actividades a realizar baseadas en criterios obxectivos, non é posible promover a concorrencia, polas especiais características da entidade coa que se convenia.

A tal fin, e en función desta singularidade, o Concello de Vigo prevé no seu vixente orzamento, na partida 3340.480.00.00 "CONVENIO FESTIVAL VERTIXE SONORA", a concesión dunha subvención nominativa por importe de 10.000 €, a favor da devandita entidade, a cal foi aprobada por acordo da XGL de ___ de _____ de 2015.

TERCEIRO.- A Asociación, é unha entidade inscrita no Rexistro Central de Asociacións da Xunta de Galicia e entre os seus fins está a difusión das músicas actuais e o estímulo e interpretación de novas creacións de compositores de Galicia, norte de Portugal e do resto da península e iberoamérica.

CUARTO.- Que a Asociación ven desenvolvendo unha labor de continuidade no campo da promoción da música contemporánea e en concreto ven organizando o programa VertixeVigo que é un programa de concertos e actividades que ofrece unha panorámica ampla e desprexuízada da creación sonora internacional. Inclúe concertos de música contemporánea, música electrónica, música improvisada, talleres especializados, cursos de achegamento ao sonoro e actividades de dinamización para os máis novos.

QUINTO.- Que a ASOCIACIÓN reúne a condición de beneficiario da subvención de acordo cos requisitos establecidos no art. 10 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e declara non estar incurso nas prohibicións ou circunstancias previstas no apartado 2 e 3 do citado artigo. Ao mesmo ten achegado a documentación que acredita que se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións positivas que figuran no expediente.

SEXTO.- De acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26,1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente no orzamento da Administración concedente, polo que as partes acordan asinar o presente convenio de colaboración para regular os termos da concesión da subvención, que ten como obxecto a organización do do devandito programa.

De conformidade ás precedentes consideracións e dado o interese común das partes asinantes nas que as dúas teñen intereses coincidentes, e co fin de acadar unha maior eficacia na execución das actuacións, é polo que asinan o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO.

A través do presente convenio establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Concellería e a ASOCIACIÓN para desenvolver o programa de actividades do "VERTIXEVIGO 15 FESTIVAL INTERNACIONAL DE CREACIÓN MUSICAL CONTEMPORÁNEA" que se detalla na documentación aportada pola entidade no presente expediente de aprobación do convenio.

SEGUNDA.- PRESUPOSTO E FINANCIAMENTO.

A memoria económica que se achega ao presente convenio, incorpora o presuposto xeral de gastos do programa obxecto do convenio polo importe total de 49.614,89 € (corenta e nove mil seiscentos catorce € con oitenta e nove céntimos), financiándose os mesmos mediante unha achega de 10.000 € do Concello de Vigo (20,16%), FONCA 10.311,47 (20,78%), INAEM 6.000 (12,09%), IBERMUSICAS 5.975,50 (12,04%), TONO 5.272,26 (10,63%), A.C. VERTIXE 4.365,31 (8,8%), BECA FRNZ-LISTZ 3.000 (6,05%), NOPA 2.108,71 (4,25%), KOMPONISTENES VEDERLAGFOND 1.581,64 (3,19%), UNIVERSIDADE DE VIGO 1.000 (2,02%).

TERCEIRA.- DATAS E LUGARES.

Mércores 4 de novembro 20:00h
Hall Auditorio Mar de Vigo
Proxecto ALIEN (CSM de Vigo e CSM da Coruña)
A ESPERA
cuarteto de saxofóns + cuarteto de percusión
colabora Techné Ensemble
Sofía Gubaidulina (Rusia, 1931) – In Erwartung (1994)

Venres 13 de novembro 20:00h.
Conservatorio Superior de Música
Espai Sonor
Confluencias
Director: Voro García a
acordeón, saxofón, percusión, piano, violonchelo, control e difusión sonora
Jose M. Fayos, Jose M. Ciria, Aurelio Edler, Nuria Gimenez, Georg Friedrich Haas, Alberto Posadas

Xoves 19 novembro 11:00-14.00h e 17:00-19:00h
Conservatorio Superior de Música
Zach/ Tolosa
Nuño/ Rykova/ Colak CAUSAL Encuentro Internacional de Compositores

Mércores 18 de novembro 20:00 h.
Fundación Laxeiro
Nou Ensemble
Tchnics
Violín, violoncelo clarinete, guitarra eeléctrica pedais, obxetos e video.
Federico Guardabrazo Stasis
Alberto Bernal , Simon Steen-Sndersen, Jose Pablo Polo, Iñigo Giner, Mauricio Kagel, Luís Jover Cómas, Joan Bagés, Simon Loeffler.

Domingo 22 de novembro 18:00h.
Verbum
Vertixe Sonora Ensemble
Inside The Inside
Flauta, clarinete, saxofón,acordeón,cello,contrabaixo,percusión,piano.
Ingar Zach
Elena Rykova, Miguel Ángel Tolosa, Andrés Nuño de B uen,Murat Colak

Xoves 26 de novembro 11:00-14.00h e 17:00-19:00h

Conservatorio Superior de Música
Galaz/ Yaradni/ Propopenko/
Barroso CAUSAL Encontro Internacional de Compositores

Domingo 29 de novembro 18:00h.

Casa das Artes

Vse Metzli

Flauta/piccolo, clarinete+clarinetebaixo, saxofón, tuba, acordeón, guitarra/baixo,
eléctrico, órgano hammond, piano, percusión, violín, cello, contrabaixo.

Juan Pablo Carreño, Pablo Galaz, Arash Yazdani, Natalia Prokopenko, Edgar Barroso

CUARTA.- OBRIGAS DE ASOCIACIÓN . MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA.

–Todas as actividades, serán organizadas por un equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola ASOCIACIÓN, baixo as ordenes de D. Ramón Souto Caride que actuará como interlocutor fronte á Concellería.

A tal fin a ASOCIACIÓN designará ao persoal máis axeitado para a conformación do equipo que realizará os diferentes programas, en colaboración coas distintas áreas que conforman as actividades.

–Responsabilizarse da organización integral do programa, difundilo amplamente, dispoñer dos espazos, e solicitar, de sé lo caso, os permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude, de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.

–Cumprir o programa obxecto da subvención de acordo co establecido neste convenio e no acordo de concesión, asumindo o aboamento dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos, (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, aluguer e uso de espazos de selo caso, e demais infraestrutura necesaria para o desenvolvemento efectivo da actividade).

–Cumprir cas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.

–Incorporar os anagramas-logotipos do CONCELLO na forma que se detalla na cláusula sétima e comunicar as acción de difusión nas que se deberá facer mención expresa da subvención obxecto deste convenio.

–Estar en comunicación permanente cos responsables de mantemento da páxina web da Concellería de Cultura facilitándolle a información necesaria para a difusión do programa programa a través da páxina Vigocultura.org.

–A ASOCIACIÓN comunicará ao CONCELLO as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen a financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.

A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).

–A concesión da subvención a ASOCIACIÓN implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

QUINTA.- OBRIGAS DA CONCELLERÍA. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA,

- Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa de actividades contempladas neste convenio.
- Xestionar o pagamento do importe da subvención, tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

SEXTA.- MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA.

Para o bo desenvolvemento do programa obxecto do convenio establecerase unha Comisión Mixta, integra polos representantes citados de cada unha das institucións conveniantes, ou persoa na quen deleguen, aos que corresponderá o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas do presente convenio.

O centro xestor da subvención á ASOCIACIÓN é o servizo de Cultura e Bibliotecas do Concello de Vigo, á quen se informará sobre o desenvolvemento do Programa, e comunicará os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos presupostos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

SÉTIMA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA.

Calquera que sexa o medio de difusión, a ASOCIACIÓN adoptará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento do programa polo Concello de Vigo, as súas actividades e funcionamento; incorporando os anagrama-logotipo do Concello ademais das lendas indicadas pola Servizo de Cultura, en particular, no material gráfico editado, na páxina web, nas presentacións públicas, actividades, soportes e demais recursos de difusión e información xeral que se produzan sobre o evento, de acordo coa Concellería.

Se no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, deberá acordarse coa Concellería a prelación e características para cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión, deberá ser enviado ao servizo de Cultura, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias da ASOCIACIÓN, Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha achega ao proxecto subvencionado no seu conxunto polo Concello. O material editado dispoñerá dos depósitos legais correspondentes.

Asemade a ASOCIACIÓN entregará o material de difusión suficiente, tanto para a súa conservación no expediente de subvención, como para a difusión da programación desde o departamento de Cultura.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente comunicada ou acordada coa Concellería.

A ASOCIACIÓN comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento. Igualmente

comprometese ao emprego de imaxes non estereotipadas e que visibilicen a aportación das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

A ASOCIACIÓN facilitará ao servizo de Cultura, ca antelación suficiente, toda a información sobre o programa nos formatos axeitados, co fin de publicitalo en todos os soportes municipais (web, 010, Vigocultura, etc.).

Lingua de difusión e publicacións:

En consecuencia co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto, e con carácter xeral, só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos particulares coa concellería de Cultura para que os elementos sexan subvencionables.

OITAVA.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN.

O CONCELLO xestionará o pagamento a ASOCIACIÓN polo importe da subvención outorgada ou resultante, logo da realización das actividades previstas no obxecto deste convenio e entrega do informe final ca rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, unha vez asinado o presente convenio por ambas partes, emisión dos informes técnicos, e o conforme da concelleiro-delegado da Área de Cultura.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias das facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada polo presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e custo final.

Documentación a incluír na conta xustificativa:

- *Solicitud de pagamento da subvención, a través do Rexistro Xeral do Concello de Vigo, tralo remate das actividades e en todo caso antes do **10 de decembro de 2015.***
- *Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.*
- *Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:*
 1. *Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.*
 2. *Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.*
 3. *Memoria de prensa.*
 4. *Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.*
 5. *Reportaxe fotográfica.*
- *Memoria económica contendo o balance desglosado ca totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.*
- *Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a*

procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.

- As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a ASOCIACIÓN como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data; CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo; non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir a entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.
- Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, - agás que xustifique que estea exenta de IVE-.
- Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

Cando a entidade beneficiaria demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art.73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como se o importe do xustificante impútase total ou parcialmente a subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporarase ao expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá á devolución do orixinal.

Gastos subvencionables:

Consideraranse gastos subvencionables, os realizados no ano 2015 que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custes indirectos imputables á actividade, os custes de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso os custes de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do Concello á Asociación é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O Importe das subvencións ou axudas percibidas pola a ASOCIACIÓN para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

NOVENA.- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN.

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada polos servizos da Concellería.

Os técnicos do servizo de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

DÉCIMA.- INFORMACIÓN.

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

DÉCIMO PRIMEIRA.- REINTEGRO.

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá ao reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

DÉCIMO SEGUNDA.- INFRACCIÓN E SANCIÓN.

En canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

DÉCIMO TERCEIRA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSONAL.

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orde á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de cultura do Concello de Vigo.

DÉCIMO CUARTA.- DEREITOS SOBRE A INFORMACIÓN E TITULARIDADE DOS RESULTADOS:

Os resultados froito deste convenio, tales como documentais, catálogos, estudos, e demais material obtido da realización das actividades programadas, serán de titularidade e de uso común da Concellería e da Empresa. Os resultados quedarán para futuras edicións e ámbalas dúas partes poderán utilizado nun futuro indistintamente.

A Concellería resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio que, en todo caso, terán carácter público.

Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio.

DÉCIMO QUINTA: PARTICIPACIÓN DOS COLABORADORES DA ASOCIACIÓN:

O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre a ASOCIACIÓN, e os profesionais ao seu servizo, que vaian desenvolver as actividades previstas e o CONCELLO, del tal xeito que a este non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

DÉCIMO SEXTA.- VIXENCIA.

O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura até o 31 de decembro de 2015, e non será prorrogable.

DECIMO SÉTIMA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS.

Calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

Por parte do CONCELLO, A Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e a Concellería queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

DÉCIMO OITAVA.- LEXISLACIÓN APLICABLE.

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

En proba de conformidade de canto antecede, asinan por triplicado exemplar o presente documento de convenio no lugar e data arriba indicados.

*O concelleiro-delegado da Área
de Cultura.
Cayetano Rodríguez Escudero*

*O presidente da Asociación Cultural Vertixe
Ramón Souto Caride*

ANEXO Iº
**ORZAMENTO DO PROGRAMA “VERTIXEVIGO 15 FESTIVAL INTERNACIONAL DE
 CREAMIÓN MUSICAL CONTEMPORÁNEA.”**

| GASTOS | |
|--|--------------------|
| <i>CONCEPTO</i> | <i>CANTIDADE</i> |
| Administración | 632,21 € |
| Promoción e Publicidade | 1.936,00 € |
| Produción | 33.644,68 € |
| Caches | 13.402,00 € |
| TOTAL GASTOS | 49.614,89 € |
| INGRESOS | |
| <i>CONCEPTO</i> | <i>CANTIDADE</i> |
| FONCA | 10.311,47 € |
| CONCELLO DE VIGO | 10.000,00 € |
| INAEM | 6.000,00 € |
| IBERMÚSICAS | 5.975,50 € |
| TONO (sociedade dereitos autor Noruega) | 5.272,26 € |
| A.C. VERTIXE | 4.365,31 € |
| BECA FRANZ-LISTZ | 3.000,00 € |
| NOPA | 2.108,71 € |
| KOMPONISTENES VEDERLAGFOND | 1.581,64 € |
| UNIVERSIDADE DE VIGO | 1.000,00 € |
| TOTAL INGRESOS | 49.614,89 € |

**8(1269).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DO
 EVENTO DEPORTIVO DENOMINADO I CROSS FRIAN-TEIS, O VINDEIRO 15 DE
 NOVEMBRO. EXPTE. 14492/333.**

Dáse conta do informe-proposta do director deportivo do IMD, do 9.11.15, conformado polo secretario de Admón. Municipal e polo concelleiro-delegado de Deportes, que di o seguinte:

1.- ANTECEDENTES:

A entidade Anpa da Escola Frian-Teis con CIF (G36718674), solicitou o día 16-10-2015, a través do Rexistro Municipal (Doc.150131898) autorización ó Concello de Vigo para organizar o seguinte evento deportivo nun espazo público:

- Nome do evento: *I CROSS FRIAN*
- Data: *15 de novembro de 2015*
- Horario: *11.00h a 13.00h*

O solicitante remitiu a documentación necesaria para a tramitación do expediente administrativo correspondente a dita carreira que terá lugar o domingo 15 de novembro de 2015,este evento comenará ás 11.00h e rematará ás 13.00h, a carreira se levará a cabo pola rúa Gondarén

A Concellería de Deportes, área responsable da coordinación das autorizacións municipais necesarias para o desenvolvemento do evento deportivo de referencia, solicitou e recibiu informes positivos das seguintes áreas municipais implicadas:

- *Policía Local.*
- *Seguridade.*
- *Protección civil*

2.- FUNDAMENTO XURÍDICO:

A solicitude de autorización tramitouse tendo en conta o disposto no anexo II do Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, que determine que a competencia para expedir a autorización para celebrar probas deportivas, marchas ciclistas e outros eventos, corresponderá ao concello, cando a proba se desenvolva integramente dentro do casco urbano , con exclusión das travesías, e que o solicitante manifesta contar co Seguro de Responsabilidad Civil ao que se refire o artigo 23 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia, informa favorablemente a proposta.

Visto o anterior, propónse a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:

3- PROPOSTA DE ACORDO:

Autorizar ao Anpa da Escola Frían-Teis con CIF (G36718674), a organizar o vindeiro domingo 15 de novembro de 2015, o evento deportivo denominado I CROSS FRIAN-TEIS, a carreira percorerá pola rúa Gondarén, de 11.00h a 13.00h.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(1270).- BASES DA CONVOCATORIA DE BOLSAS “CONCELLO DE VIGO “DE ESTANCIAS LINGÜÍSTICAS NO ESTRANXEIRO DE ALUMNADO DA ESCOLA OFICIAL DE IDIOMAS DE VIGO (EOIV)- ANO 2016. EXPTE. 17412/332.

Visto o informe xurídico do 23.10.15 e o informe de fiscalización do 4.11.15, dáse conta do informe-proposta do técnico medio de Actividades Culturais e Educativas, do 20.10.15, conformado pola concelleira-delegada de Educación e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Seguindo instrucións da Concelleira Delegada da área de Educación, iniciáronse os contactos coa dirección da “Escola Oficial de Idiomas de Vigo “ (EOIV), para colaborar novamente nunha edición máis con esta institución educativa no desenvolvemento do Programa de estancias lingüísticas no estranxeiro que promove ese Centro. Cómpre sinalar que esta iniciativa municipal supón unha continuidade na prestación da mesma, xa que en cumprimento da vontade manifestada pola Alcaldía de Vigo, o Concello de Vigo ben colaborando coa EOIV de xeito continuo e ininterrumpido dende o ano 2009, mediante a convocatoria de axudas económicas en forma de bolsas de estudo individuais destinadas a financiar as actividades do programa formativo de inmersión lingüística en destino para o alumnado da EOIV que, cumprindo os requisitos específicos da convocatoria, posúe un mellor currículo académico.

Para esta finalidade, a EOIV elaborou un programa marco (achégase Acta da reunión do 01/10/2015 da EOIV presentada no rexistro de entrada municipal en data 14/10/2015 co nº de doc 150130038), que figura como Anexo IV nas Bases que se inclúen no presente expediente, consistente no desenvolvemento dun curso de perfeccionamento en inglés, francés, alemán, italiano, portugués, xaponés e chinés, cunha estancia de dúas semanas de duración nas capitais do Reino Unido, Francia, Alemania, Italia, Portugal, Xapón e China. Esta institución calculou aemade, mediante consulta a provedores deste tipo de servizos, os custos/persoa para o desenvolvemento do programa e propuxo o número de beneficiarios/as das bolsas para cada lingua estranxeira.

Achégase ao presente expediente cadro ou estimación económica, que serve de base para a determinación da contía, sobre a cal se fixaron as cantidades para cada bolsa, e finalmente foi redistribuída a contía total dispoñible entre os diversos destinos, e en función do número de bolsas para cada un deles.

O coñecemento dun idioma distinto ao do propio contribúe de forma esencial á formación integral do alumnado, e a súa aprendizaxe se ten convertido nun obxectivo fundamental dos sistemas educativos, tanto porque favorece a libre circulación e a comunicación como por esixencias do mercado de traballo. Ata tal punto é así que a Lei Orgánica 8/2013 do 9 de decembro para a mellora da calidade educativa (LOMCE publicada no BOE nº 295 do 10/12/2013), que modifica a Lei Orgánica 2/2006 do 3 de maio de Educación (LOE), no seu preámbulo XII indica que o dominio dunha 2ª ou incluso 3ª lingua estranxeira se amosa como unha das principais carencias do noso sistema educativo, polo que propón a adquisición dunha competencia plurilingüe, redobrando esforzos para que o alumnado se desenvolva con fluidez nunha primeira lingua estranxeira, cuxo nivel de comprensión oral e lectora e de expresión oral e escrita vai a resultar decisivo para a súa futura inmersión laboral nunha sociedade globalizada.

O artigo 8 “cooperación entre administracións” da LOE , recolle que as administracións educativas e as corporacións locais coordinarán as súas actuacións no ámbito das súas competencias para acadar unha maior eficacia dos recursos destinados á educación e contribuir aos fins establecidos nesta lei.

O Concello de Vigo non quere ser alleo á necesidade cada vez máis evidente de aprender linguas estranxeiras, non só para formar parte do proceso de globalización que está a ter lugar no mundo, senón tamén para desenvolver unha competencia plurilingüe e intercultural nun ámbito internacional, que sen dúbida algunha constitúe un valor engadido e factor determinante no futuro acceso ao mercado laboral, porque incide claramente na maior cualificación e formación deste alumnado para facer fronte aos retos da sociedade global que demanda maior manexo e dominio doutras linguas.

En consecuencia estas estadías lingüísticas no estranxeiro, posúen un grande valor formativo e resultan un complemento idóneo para conseguir unha maior fluidez noutras linguas e potenciar a capacidade comunicativa nas mesmas, convertindo ao alumnado de Vigo, ao entrar e contacto con outras culturas e realidades sociais no seu tempo libre, en verdadeiros promotores e

embaixadores da identidade cultural e turística da cidade de Vigo. Para elo, todo o alumnado da EOIV beneficiario destas bolsas municipais levará ao país de destino información de carácter turístico de Vigo e camisetas alusivas á promoción cultural da cidade de Vigo que utilizarán no desenvolvemento das actividades formativas nas localidades de inmersión lingüística, e igualmente achegarán ao persoal educativo responsable dos distintos centros académicos formativos e residencias de estudantes en destino, distinto soporte documental específico en diversos formatos (posters, folletos, dípticos culturais e turísticos da cidade de Vigo).

Logo da entrada en vigor da Lei 27/2013 LRSAL que modifica o artigo 25 da Lei 7/1985 LRBRL, o Concello na xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias pode promover actividades que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, e en canto ao exercizo das competencias municipais propias que exercerán as administracións locais nas distintas materias, cita textualmente as seguintes:

- Artigo 25.2.h) Información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local.*
- Artigo 25.2.i) Promoción da ocupación do tempo libre.*
- Artigo 25.2.m) Promoción da cultura e equipamentos culturais.*
- Igualmente segundo o recollido no artigo 80.2.n da Lei 5/1997 de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA), os municipios teñen competencia propia en materia de promoción da cultura e equipamentos culturais e ocupación do tempo libre.*

Consonte a este marco de responsabilidade competencial obrigatorio e propio das Entidades Locais citado anteriormente, é vontade expresa do Concello de Vigo en función das políticas de promoción cultural e de ocupación do tempo libre que o goberno local considera apropiadas e, conforme ás súas prioridades programáticas; promover unha nova convocatoria das bolsas “Concello de Vigo” para estancias lingüísticas no estranxeiro de alumnado da EOIV para o ano 2016, que nas súas edicións anteriores ten acadado óptimos resultados de satisfacción e ten permitido mellorar a capacitación noutras linguas do alumnado vigués.

Igualmente as Corporacións Locais poderán conceder subvencións e axudas de contido económico a entidades, organismos ou particulares cuxos servizos ou actividades complementen ou substitúan aos atribuídos á competencia local, e así o prevén os artigos 23 do Decreto do 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de servizos das Corporacións Locais (RSCL) e 294 da Lei 5/1997.

Con estas premisas, dende este Servizo Municipal de Educación, en contacto coa dirección da EOI de Vigo, redactáronse as Bases da convocatoria de Bolsas “Concello de Vigo” de estancias lingüísticas no estranxeiro de alumnado da EOIV ano 2016, cuxo proxecto obra no expediente 17412-332.

As Bases recollen todos os elementos necesarios para a selección dos beneficiarios/as das seguintes bolsas. As contías das bolsas son diferenciais en función do país de destino, habida conta de que os custos das actividades varían segundo sexa a estancia nun ou noutro país. As bolsas non tratan de cubrir todos os custes, senón aqueles que se estiman dentro dos elexibles e que constan nas bases.

Consonte á base 29ª de execución orzamentaria vixente, tramítase esta convocatoria de subvencións como anticipado de gasto, que establece como límite superior das dotacións a cantidade de 80.000.-€ que será aplicado como anticipado de gasto con cargo á partida presupostaria 3260.489.00.10 (Becas estudos internacionais EOIV) do exercizo de 2016, quedando esta contía de 80.000.-€ supeditada á disponibilidad de crédito axeitado e suficiente nese exercizo orzamentario futuro.

| Nº de bolsas | Destino | Distribución | Contía/bolsa euros | Importe total euros |
|--------------|---------|---------------------------------------|--------------------|---------------------|
| 34 | Londres | Todas Intermedio II e Avanzado I e II | 1.665,00 | 56.610,00 |
| 5 | París | Todas Intermedio II e Avanzado I e II | 1.970,00 | 9.850,00 |
| 2 | Berlín | Todas Intermedio II e Avanzado I e II | 1.680,00 | 3.360,00 |
| 2 | Roma | Todas Intermedio II e Avanzado I e II | 1.680,00 | 3.360,00 |
| 2 | Lisboa | Avanzado I e II | 1.580,00 | 3.160,00 |
| 1 | Tokio | Intermedio II e III e Avanzado I | 1.925,00 | 1.925,00 |
| 1 | Pekín | Intermedio I, II e III | 1.735,00 | 1.735,00 |
| 47 | | | | 80.000,00 € |

Tal e como se indica na primeira das Bases, os conceptos subvencionables para cada bolsa son os seguintes:

A bolsa irá destinada a financiar os seguintes conceptos:

- Estancia durante dúas semanas nos países de Inglaterra, Francia, Alemaña, Italia, Portugal, Xapón e China.
- Gastos da viaxe de ida e volta dende Vigo ata a cidade do destino asignado nos países indicados nos que se desenvolverá o programa, en concreto voos a Londres, París, Berlín, Roma, Xapón e China (ciudades a concretar nestes dous últimos países), e autobús a Lisboa.
- Matrícula do curso intensivo nun centro académico homologado do país da lingua en cuestión, cun programa mínimo de clases de 20 horas semanais en réxime de inmersión lingüística.
- Certificado ou diploma acreditativo da realización do programa.
- Aloxamento hostais, residencias estudantes ou outras, agás no idioma xaponés e chinés, no que unicamente se financia os gastos de ida e volta e a matrícula do curso intensivo.
- Acompañamento de monitor para o destino de Londres, e transporte o 1º e último día dende o aeroporto de Londres ate a Residencia e viceversa, motivado polo grande número de bolsas que contén o destino de Inglaterra.
- Seguro de asistencia na viaxe e cancelación previa e durante a estancia.

Dun xeito resumido, as características básicas das bolsas son as seguintes:

- ✓ Dirixidas ao alumnado que curse os seus estudos no presente curso académico, na sede central da EOIV (r/ Martínez Garrido) ou en calquera das súas seccións, en calquera dos niveis Intermedio II Avanzado I e Avanzado II dos Departamentos dos idiomas de inglés, francés, alemán e italiano; nos niveis Avanzado I e II do Departamento do idioma portugués, nos niveis Intermedio II e III e Avanzado I do Departamento do idioma xaponés e nos niveis Intermedio I, II e III do Departamento do idioma de chinés. Establécese un número de bolsas aproximadamente proporcional ao número de alumnos/as matriculados na EOIV nas distintas especialidades.
- ✓ Financiarase, ata o límite económico indicado para cada bolsa, a realización íntegra do “programa de Estancias Lingüísticas no Estranxeiro” promovido pola EOI de Vigo. Este programa esencialmente consta da estancia, alternativamente, nas capitais de Inglaterra,

Francia, Alemania, Italia, Portugal, Xapón e China (ciudades a concretar nestes dous últimos países), coa realización dun curso especializado de perfeccionamento no idioma respectivo, impartido por unha entidade homologada no país de destino.

- ✓ *A realización efectiva por parte do alumnado do programa subvencionado deberá realizarse dentro do ano 2016 e, consecuentemente, a xustificación da subvención, deberá realizarse antes do remate do mes de setembro do ano 2016.*
- ✓ *Establécese un procedemento de selección de beneficiarios/as mediante a aplicación dun baremo expreso e dictame dunha comisión de valoración formada por técnicos do Concello de Vigo e da EOIV, presidida pola Concelleira-Delegada de Educación.*

Para acometer o gasto global de 80.000.-€ na convocatoria do ano 2016, consonte á base 29ª de execución orzamentaria vixente, tramítase esta convocatoria de subvencións como anticipado de gasto con cargo á partida presupostaria 3260.489.00.10 (Becas estudos internacionais EOIV) do exercizo de 2016, quedando esta contía de 80.000.-€ supeditada á disponibilidad de crédito axeitado e suficiente nese exercizo orzamentario futuro.

Así, á vista do anteriormente expresado, achégase o texto de Bases da convocatoria que se propón e incorpora no expediente, para que unha vez informado o expediente polos servizos municipais de Asesoría Xurídica e Intervención, se someta á consideración da Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

- 1. Aprobar as Bases da Convocatoria de bolsas "Concello de Vigo" de Estancias Lingüísticas no estranxeiro de alumnado da Escola Oficial de Idiomas de Vigo (EOIV) para o ano 2016, de acordo co texto que se achega no expediente.*
- 2. Aprobar a autorización de gasto de 80.000 euros con cargo á partida presupostaria 3260.489.00.10 "Becas estudos internacionais EOIV" do ano 2016, para a cobertura das 47 bolsas "Concello de Vigo" de estancias lingüísticas no estranxeiro de alumnado da EOIV ano 2016, quedando esta contía de 80.000.-€ supeditada á disponibilidad de crédito axeitado e suficiente no exercizo orzamentario futuro de 2016.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

BASES CONVOCATORIA DAS BOLSAS "CONCELLO DE VIGO" PARA ESTANCIAS LINGÜÍSTICAS NO ESTRANXEIRO PARA ALUMNADO DA ESCOLA OFICIAL DE IDIOMAS DE VIGO, ANO 2016.

PRIMEIRA.- Obxecto e finalidade

A presente convocatoria ten como obxecto regular o procedemento para a selección e adxudicación de bolsas, en réxime de concorrencia competitiva, entre o alumnado da EOI de Vigo que curse os seus estudos no presente curso académico, en calquera dos niveis Intermedio II, Avanzado I e Avanzado II dos Departamentos dos idiomas inglés, francés, alemán e italiano; nos niveis Avanzado I e Avanzado II do Departamento do idioma portugués; nos niveis Intermedio II e III e Avanzado I do Departamento do idioma xaponés e nos niveis Intermedio I, II e III do Departamento do idioma chinés; a fin de que participe nun programa educativo no país do idioma correspondente.

A finalidade destas bolsas é contribuír a mellorar a competencia e capacitación en linguas estranxeiras fomentando a súa aprendizaxe e o contacto con outras culturas nun ámbito internacional.

A bolsa irá destinada a financiar os seguintes conceptos:

Estancia durante dúas semanas nos países de Inglaterra, Francia, Alemaña, Italia, Portugal, Xapón e China.

Gastos da viaxe de ida e volta dende Vigo ata a cidade do destino asignado nos países indicados nos que se desenvolverá o programa, en concreto voos a Londres, París, Roma, Berlín, Xapón e China (cidades a concretar nestes dous últimos países), e autobús a Lisboa.

Matriculación e custe do curso intensivo nun centro académico do país da lingua en cuestión, cun programa mínimo de clases de 20 horas semanais en réxime de inmersión lingüística.

Certificado ou diploma acreditativo da realización do programa.

Aloxamento en hostais, residencias estudantes ou outras, agás no idioma xaponés e chinés, no que unicamente se financia os gastos de ida e volta e a matrícula do curso intensivo.

Acompañamento de monitor para o destino de Londres, e transporte o 1º e último día dende aeroporto de Londres ate a Residencia e viceversa, motivado polo grande número de bolsas que contén o destino de Inglaterra.

Seguro de asistencia na viaxe e cancelación previa e durante a estancia.

O programa deberá realizarse, dentro do ano 2016, e nunca despois do remate do mes de setembro do ano 2016. Non obstante, o calendario definitivo se lles comunicará aos beneficiarios por parte da EOI de Vigo.

A concesión destas subvencións se efectuará baixo os principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, tal como dispoñen os artigos 8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), e artigo 5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).

SEGUNDA.- Número de bolsas, destinos e contía

A contía máxima de cada bolsa será a seguinte:

| <i>Nº de bolsas</i> | <i>Destino</i> | <i>Distribución por Niveis</i> | <i>Contía/bolsa euros</i> | <i>Importe total euros</i> |
|---------------------|----------------|--|---------------------------|----------------------------|
| <i>34</i> | <i>Londres</i> | <i>Todas Intermedio II e Avanzado I e II</i> | <i>1.665,00</i> | <i>56.610,00</i> |
| <i>5</i> | <i>París</i> | <i>Todas Intermedio II e Avanzado I e II</i> | <i>1.970,00</i> | <i>9.850,00</i> |
| <i>2</i> | <i>Berlín</i> | <i>Todas Intermedio II e Avanzado I e II</i> | <i>1.680,00</i> | <i>3.360,00</i> |
| <i>2</i> | <i>Roma</i> | <i>Todas Intermedio II e Avanzado I e II</i> | <i>1.680,00</i> | <i>3.360,00</i> |
| <i>2</i> | <i>Lisboa</i> | <i>Avanzado I e II</i> | <i>1.580,00</i> | <i>3.160,00</i> |
| <i>1</i> | <i>Tokio</i> | <i>Intermedio II e III e Avanzado I</i> | <i>1.925,00</i> | <i>1.925,00</i> |
| <i>1</i> | <i>Pekín</i> | <i>Intermedio I, II e III</i> | <i>1.735,00</i> | <i>1.735,00</i> |
| <i>47</i> | | | | <i>80.000,00 €</i> |

No caso de non cubrírense a totalidade das bolsas para algún dos idiomas estranxeiros propostos nas presentes bases, as bolsas vacantes acumularanse automaticamente a calquera das seguintes linguas estranxeiras que presenten lista de agarda: Inglés, Francés, Alemán, Italiano e Portugués.

E serán ordeadas co criterio preferencial de maior cualificación final de expediente académico dos alumnos/as incluídos na lista de agarda de calquera dos mencionados idiomas. No caso de producírense empates na cualificación final, serán seleccionados aqueles solicitantes incluídos na lista de agarda de inglés, francés, alemán, italiano e portugués, cuxa renda sexa menor. No caso de persistir o empate darase preferencia ao solicitante de menor idade.

O importe da bolsa deberá ser destinado na súa totalidade e exclusivamente ao financiamento do programa de estancias lingüísticas no estranxeiro aprobado pola Escola Oficial de Idiomas de Vigo, para esta convocatoria 2016, cuxa síntese se inclúe como ANEXO IV das presentes bases. O importe total destinado a financiar esta convocatoria de bolsas ascende a 80.000 euros, con cargo á partida orzamentaria 3260.489.00.10 "Becas estudos internacionais EOIV" do exercizo de 2016, quedando esta contía de 80.000.-€ supeditada á disponibilidad de crédito axeitado e suficiente no exercizo orzamentaria futuro de 2016.

TERCEIRA.- Publicidade e prazo

Consonte á normativa legal vixente, a publicación das presentes bases realizarase mediante anuncios no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOP), nas páxinas web e nos taboleiros oficiais de anuncios do Concello (www.vigo.org) e da EOIV, e igualmente mediante a inserción do anuncio da convocatoria nun diario local impreso de maior tirada.

A resolución que acorde a concesión das bolsas, con expresión do/a alumno/a solicitante, expediente, finalidade da axuda (Bolsas Concello de Vigo ano 2016) e a resolución atribuída (concedida, denegada ou lista de agarda), publicarase nos taboleiros de anuncios e webs citadas de acordo co disposto no artigo 15.2.c) da lei 9/2007 de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O prazo de presentación de solicitudes será de 8 días hábiles contados a partir do día seguinte á publicación da convocatoria no BOP.

CUARTA.- Beneficiarios e requisitos

1. Os beneficiarios da presente convocatoria serán os alumnos e alumnas, españois ou estranxeiros con tarxeta de residencia ou de estancia por estudos en vigor, da EOI de Vigo, que cumpran os requisitos que a continuación se sinalan:

–Estar empadroado no Concello de Vigo con vixencia mínima dende o 1 de xaneiro 2015, dato que será comprobado de oficio pola propia administración.

–Ter a maioría de idade legal.

–Estar matriculado/a na sede central EOI de Vigo (r/Martínez Garrido) ou en calquera das súas seccións nos idiomas inglés, francés, alemán, italiano, portugués, xaponés ou chinés no curso 2015-2016.

IV. Ter aprobados dous cursos na EOI de Vigo nos últimos 5 anos no idioma no que solicita a bolsa.

V. Non ter residido nun país de fala do idioma en que se concede a bolsa durante máis de 12 meses, nos últimos 10 anos.

VI. Non ter sido beneficiario/a dunha bolsa municipal para estancias lingüísticas no estranxeiro para alumnado da EOI de Vigo nas anteriores edicións.

VII. Non ter gozado nos cinco últimos anos dunha axuda para un programa similar ou coa mesma finalidade.

VIII. Estar situado nun lugar da orden de prelación de solicitudes que lle permita a obtención dunha das bolsas convocadas.

2. Deberán solicitar as prazas os/as alumnos/as interesados.

3. As bolsas serán outorgadas en réxime de concorrencia competitiva, conforme ao proceso de selección e baremos que se recollen nas presentes Bases. As solicitudes que cumprindo os re-

quisitos non sexan seleccionadas serán incluídas automaticamente nunha lista de agarda en función da puntuación obtida.

4. Serán obrigas dos beneficiarios das bolsas, as sinaladas no artigo 11 da Lei de Subvencións de Galicia e as que se sinalan nestas bases reguladoras e convocatoria específica.

QUINTA.- Compatibilidade

Estas bolsas son incompatibles con calquera outra axuda obtida para a mesma finalidade doutros organismos públicos ou privados durante o ano 2015, comprometéndose o/a solicitante a comunicalo e a reintegrar a axuda ao Concello de Vigo no caso de tela recibido.

SEXTA.- Solicitudes e documentación

1. Solicitudes:

Os alumnos e alumnas que desexen optar á axuda poderán recoller o modelo de solicitude (Anexo I) no Servizo de Educación do Concello de Vigo situado na Praza do Rei, s/n (11º andar), nas dependencias da EOIV, ou ben descargarlos da páxina web www.vigo.org, no seu apartado de Educación.

Posteriormente, e sempre antes de que finalice o prazo establecido no punto terceiro, deberán entregar a antedita solicitude e demais anexos debidamente cubertos, xunto coa documentación requirida, no Rexistro Xeral do Concello de Vigo (Praza do Rei s/n, 36202 Vigo) ou ben por calquera dos procedementos establecidos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola lei 4/1999 de 13 de xaneiro.

No caso de que a solicitude sexa enviada por correo, será necesaria a súa presentación en sobre aberto para que o funcionario da oficina de correos poida facer constar o selo e a data antes de proceder a súa certificación postal. Así mesmo, o/a solicitante fará chegar mediante fax ao Servizo de Educación (986.221726) xustificante do envío postal.

A presentación da solicitude desta axuda levará implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos e da súa publicación nas páxinas web da Servizo de Educación do Concello de Vigo e da EOIV así como nos taboleiros de anuncios oficiais de ámbalas dúas institucións.

2. Documentación:

- Solicitude da praza debidamente cuberta e asinada segundo o modelo que figura no Anexo I.
- 2 Fotocopias simples do DNI do solicitante ou pasaporte en vigor (mínimo por 6 meses). No caso de alumnado estranxeiro, deberán presentar fotocopia simple da tarxeta de residencia ou de estancia por estudos e o pasaporte en vigor (mínimo por 6 meses).
- Xustificación de ingresos: Aqueles que non autoricen ao Concello de Vigo á solicitude de información fiscal á Axencia Tributaria, deberán presentar fotocopia da última declaración da renda de todos os membros da Unidade familiar. Aqueles que non presenten a documentación acreditativa de ingresos ou situación económica de renda e patrimonio, dentro do prazo establecido, suporá a renuncia implícita de ser valorado neste apartado do baremo que se recolle no punto oitavo, e se lle otorgará cero puntos.
- Certificación académica orixinal da EOI de Vigo na que conste:
 - A cualificación final acadada polo/a solicitante, resultante da media dos 2 últimos cursos oficiais aptos realizados nesta Escola, e desenvolvidos nos 5 últimos anos, no idioma no que solicita a bolsa.

- Que está matriculado na EOI de Vigo no curso 2015-2016.
- Fotocopia simple y completa do libro de familia ou acreditación de outras circunstancias familiares especiais co achegamento da fotocopia simple do título de familia numerosa en vigor, convenio regulador ou sentenza de separación para acreditar a condición de familia monoparental, se é o caso.
- A situación dos compoñentes ou integrantes da unidade familiar individual comprobarase de oficio pola propia administración mediante a emisión do certificado municipal de empadramento.
- Fotocopia simple do Certificado de desemprego do INEM e vida laboral que acredite esta situación.
- Declaración responsable de non ter residido nun país de fala do idioma en que se concede a bolsa durante máis de 12 meses, nos últimos 10 anos, segundo o modelo que figura no Anexo II.
- Declaración responsable de non ter sido beneficiario/a dunha bolsa municipal para estancias lingüísticas no estranxeiro para alumnado da EOIV, segundo o modelo que figura no Anexo II.
- Declaración responsable de non ter gozado dunha axuda para un programa similar ou coa mesma finalidade nos cinco últimos anos, segundo o modelo que figura no Anexo II.
- Documentación acreditativa do nº de conta bancaria do/a solicitante.
- No caso de que o solicitante precise de atencións médicas especiais (por mor de alerxias, discapacidades, intolerancias, etc.), deberá presentar un certificado médico orixinal que así o acredite.

Non serán tidos en conta nin valorados os requisitos alegados e non xustificadas documental e correctamente tal como se indica, nin os que se aleguen fóra do prazo establecido para esta convocatoria nin os que conteñan emendas. O Servizo de Educación poderá requirir das persoas solicitantes en calquera momento aclaración da documentación presentada.

A obtención e disfrute da bolsa municipal falseando as condicións requiridas ou ocultando aquelas que o impedirán, poderá supoñer o reintegro do importe equivalente ao custe da bolsa concedida, e a esixencia do xuro de demora correspondente dende a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

SÉTIMA.- Tramitación e reparación de erros.

A instrución do procedemento de concesión das axudas convocadas, correspóndelle ao Servizo de Educación, que recibirá as solicitudes e comprobará os requisitos esixidos e a documentación acreditativa dos mesmos, e requirirá, de ser o caso, ao solicitante para que repare os erros advertidos de acordo co establecido no artigo 20.5 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) para que no prazo de 10 días, enmende a falta ou achegue os documentos requiridos; e se lle informará de que no caso de non o facer, entenderase que desistiu da súa petición e arquivarase o expediente nos termos previstos no artigo 71 da Lei 30/1992 do 26 de novembro, do réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común.

OITAVA.- Criterios de valoración

A selección das solicitudes determinarase mediante os seguintes criterios:

- *A maior cualificación final acadada polo/a solicitante, resultante da media dos 2 últimos cursos oficiais aptos realizados nesta Escola, e desenvolvidos nos 5 últimos anos no idioma no que solicita a bolsa.*
- *Engadiranse á cualificación final acadada, franxas de 0,25 puntos por cada curso aprobado na EOIV nos últimos cinco anos, contados a partires do 3º inclusive, no idioma no que se solicite a bolsa.*
- *Engadiranse á cualificación final acadada no idioma no que se solicita a bolsa, 0,5 puntos por estar a cursar os niveis de Avanzado II dos idiomas Inglés, Francés, Alemán, Italiano e Portugués; Avanzado I do idioma Xaponés e nivel Intermedio III do idioma Chinés.*
- *Pola situación laboral de desemprego do/a alumno/a solicitante:*
 - No caso de levar en situación laboral de desemprego máis de 12 meses ininterrompidos = 1 punto.*
 - No caso de levar en situación laboral de desemprego menos de 12 meses = 0,5 puntos.*
- *Ao alumno/a solicitante con ingresos anuais per cápita iguais ou menores ao IPREM (Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples) fixado para o 2015, en 7.455,14.-€/ano, outorgarase ata un máximo de 1 punto.*

O ingreso anual per cápita calcularase dividindo a totalidade dos ingresos anuais da unidade familiar entre o número de integrantes, e ten a consideración de ingresos totais a suma da base imponible xeral máis a base imponible de aforro do imposto sobre a renda das persoas físicas de cada un dos membros da unidade familiar.
- *A existencia de circunstancias familiares especiais, considerando como tal a condición de familia numerosa, de conformidade co disposto no Real Decreto 1621/2005, de desenvolvemento da Lei 40/2003, de protección das familias numerosas, de xeito que se outorgarán as seguintes puntuacións sumadas á da cualificación:*
 - Categoría Especial = 1 punto*
 - Categoría Xeral = 0,5 puntos*
- *A existencia de circunstancias familiares especiais, considerando como tal a condición de familia monoparental, outorgarase ata un máximo de 0,5 puntos.*
- *Nembargantes, no caso de producírense empates na cualificación final, serán seleccionados aqueles solicitantes cuxa renda sexa menor, ordeándose a lista por este criterio para adjudicar as bolsas restantes e tamén a lista de agarda. No caso de persistir o empate darase preferencia ao solicitante de menor idade. As bolsas serán adjudicadas, coas proporcións por idioma que se conteñen nestas Bases.*
- *Cos solicitantes non seleccionados que reúnan os requisitos da convocatoria, e, se é o caso, trala valoración do nivel de renda e a aplicación ás listas do seu resultado, formara-se unha lista ordenada de agarda para o caso de que existan baixas ou renuncias na lista inicial seleccionada en cada un dos idiomas obxecto desta convocatoria.*

Para o caso de que, unha vez adxudicadas, haxa prazas vacantes por renuncia, serán ofertadas ao alumnado suplente por chamamento directo, segundo a relación publicada de listas de agarda, que seguirá o procedemento establecido na presente cláusula.

NOVENA.- Comisión de valoración

A Comisión de valoración estará integrada pola Concelleira Delegada de Educación, Dna. Olga Alonso Suárez que actuará de presidenta; o Técnico do Servizo de Educación, D. Pedro M^a Vázquez Iglesias, e un funcionario/a do Servizo de Educación que actuará como secretario/a; serán vocais da mesma, a Directora da EOIV, Dna M^a Cristina González Fernández e a Vicedirectora da EOIV, Dna Alicia Gil Martínez.

Este órgano colexiado emitirá unha proposta de resolución na que se concretará o resultado da avaliación. Esta comisión resolverá calquera incidencia e/ou dúbida interpretativa que poidan xurdir na aplicación das bases da presente convocatoria.

A presidenta poderá decidir que asista a esta comisión calquera outro asesor técnico ou profesional cualificado/a do mundo da ensinanza da lingua estranxeira, que actuará con voz pero sen voto.

DÉCIMA.- Concesión e resolución das axudas

A Comisión de Valoración avaliará as solicitudes de conformidade cos criterios que se determinan no punto oitavo.

O Servizo municipal de Educación, en base aos informes da Comisión de Valoración, elevará á Xunta de Goberno Local unha proposta de resolución que incluíra unha relación na que se indicarán todos os solicitantes que participan na convocatoria con nome e apelidos, puntuación obtida, nº de expediente, curso, destino e resolución das axudas/prazas indicando o estado de adxudicada, lista de agarda ou denegada con indicación do/s motivo/s polo/s que se lle denega.

Así mesmo, o Servizo municipal de Educación, como Instructor, de conformidade co recollido na cláusula sexta, fará constar expresamente que da información que obra no seu poder, despréndese que os beneficiarios cumpren todos os requisitos esixidos para acceder ás axudas.

Na relación constarán:

- 1. Concedidas*
- 2. Denegadas: con indicación da/s causa/s de denegación*
- 3. Lista de agarda: con indicación da puntuación correspondente*

A Xunta de Goberno Local aprobará a listaxe definitiva de bolsas concedidas, denegadas e en lista de agarda.

Esta relación exporase na web www.vigo.org, no taboleiro de anuncios do Concello de Vigo, e no taboleiro de anuncios da EOI Vigo.

O prazo de resolución e notificación das bolsas, preferentemente non excederá de 15 días hábiles contados dende o remate do prazo de presentación de solicitudes.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Aceptación da axuda

Os alumnos e alumnas que resulten beneficiarios e beneficiarias das bolsas deberán presentar, asinada, no Servizo de Educación do Concello de Vigo, situado na Praza do Rei, 1 -11 andar, unha aceptación expresa segundo modelo que figura no Anexo III nun prazo de 10 días, contados a partir do día seguinte ao da súa notificación ás persoas beneficiarias ou da data da publicación na páxina web municipal da concesión das bolsas.

Coa finalidade de poder librar o 50% da bolsa no momento da concesión –tal e como se indica no apartado décimo segundo destas Bases-- os beneficiarios e beneficiarias deberán entregar, xunto coa aceptación expresa, un pre-contrato asinado cunha empresa ou entidade que preste un servizo que expresamente cumpra na súa integridade co Programa de estancias aprobado

pola Escola Oficial de Idiomas de Vigo que figura como Anexo IV destas Bases, e que obrigatoriamente deberá ter incluído un seguro de asistencia na viaxe, e cancelación antes e durante a estancia. Será responsabilidade da empresa o entidade que presta o servizo, a contratación da escola para a formación lingüística e o aloxamento en destino (agás nos idiomas xaponés e chinés), segundo o programa establecido no Anexo IV das bases. A organización dos desprazamentos a os diferentes destinos é realizada pola empresa ou entidade que preste o servizo en nome dos beneficiarios/as, actuando unicamente como intermediario entre os bolseiros e as compañías de transporte, co obxectivo dunha mellor organización loxística do desprazamento dos beneficiarios/as. Sen prexuízo do momento no que sa produza a cancelación, o beneficiario/a, deberá asumir sempre e en todo caso o importe do billete do transporte conforme ás condicións de cancelación establecidas pola/s compañía/s emisora/s do/s mesmo/s, con independencia de que os beneficiarios/as exerciten cantas accións consideren oportunas fronte ás compañías emisoras, eximindo a empresa ou entidade que presta o servizo desta responsabilidade.

DÉCIMO SEGUNDA.- Xustificación e pagamento

Aos efectos de xustificar a subvención os beneficiarios deberán presentar facturas orixinais ou outros documentos de valor probatorio equivalente, dos gastos realizados. As facturas deberán recoller o número de CIF, data, número e IVE que corresponda. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo; non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que, séndolle esixibles, non reúnan as condicións previstas no RD 1619/2012 do 30 de novembro, polo que se regulan as obrigas de facturación e o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.

Se o beneficiario solicitara a devolución do orixinal presentado, o Servizo de Educación municipal procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no mesmo o motivo da subvención e se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado incorporárase ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Esta factura ou documento equivalente, deberá ir acompañada do preceptivo informe técnico emitido polo Servizo de Educación que recolla a conformidade dos documentos xustificativos presentados, e onde se manifeste expresamente o cumprimento total do obxecto da subvención. Acompañarase obrigatoriamente a esta factura, certificación da Escola de Idiomas na que conste que a actividade realizada polo alumnado se corresponde integramente co programa aprobado pola EOIV.

Coa aprobación pola Xunta de Goberno Local do listado de beneficiarios/as, e a presentación da aceptación expresa do beneficiario -tendo en conta o disposto na Base 38ª das de Execución do Orzamento-, poderase aboar a este, en concepto de anticipo, o 50% da contía subvencionada (ao que podería aplicarse a retención correspondente de IRPF); isto en atención ás especiais características dos destinatarios, alumnado da EOI que podería non poder afrontar o pagamento por adiantado aos provedores deste tipo de servizos de transporte de viaxeiros e formación no estranxeiro, e, consecuentemente, a subvención perdería o seu sentido. En base ao disposto no artigo 42.2 b) do Regulamento da Lei xeral de subvencións, os beneficiarios quedarán exentos da achega da garantía para este pre-pagamento.

O pagamento do 50% restante (ao que igualmente podería aplicarse a retención correspondente de IRPF) farase trala realización efectiva do programa e previa presentación no Servizo municipal de Educación das correspondentes facturas orixinais, certificacións ou documentos equivalentes, emitidas a nome do solicitante polo importe total dos custos e coa certificación da Escola de Idiomas na que conste que a actividade realizada polo alumnado se corresponde integramente co programa aprobado pola EOIV.

En calquera caso a xustificación completa do importe concedido coa bolsa, debera realizarse polo beneficiario antes do remate do mes de setembro do ano 2016.

No caso de que un adxudicatario definitivo da bolsa renunciase á mesma unha vez percibido algún pagamento, poderá ceder a súa praza ao seu substituto da lista de agarda (establecido conforme ao disposto na cláusula oitava das presentes Bases), mediante escrito dirixido ao Concello de Vigo e documento fidedigno que acredite a transmisión do contrato asinado co provedor do servizo.

DÉCIMO TERCEIRA.- Reclamacións

Fronte a esta convocatoria e as resolucións administrativas que se adopten na súa execución cabe interpoñer, no prazo de un mes, dende o día seguinte ao da súa publicación ou notificación, recurso potestativo de reposición perante o órgano que as ditou, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses.

DÉCIMO CUARTA.- Perda do dereito ao cobro, nulidade e reintegro das subvencións. Réxime de infraccións e sanción

Perda do dereito ao cobro:

Dará lugar á perda do dereito ao cobro da subvención o incumprimento por parte da beneficiaria da subvención de calquera das obrigas previstas nestas bases reguladoras e convocatoria e especialmente as obrigas ás que se condiciona o pago da subvención; o incumprimento dos requisitos, condicións e demais circunstancias que determinaron o outorgamento da subvención; a variación da finalidade da actuación; a falta de xustificación da subvención ou a insuficiencia desta; á obtención concorrente doutras axudas, que determinarían o reintegro da municipal e a concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e do seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá a perda do dereito a subvención ou o seu reintegro na mesma proporción. En todo caso procederá a redución da subvención, coa conseguinte perda do dereito ao cobro, ou, no seu caso o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Nulidade, reintegro, infraccións e sancións:

Canto ás causas de nulidade e anulabilidade do acordo de concesión das axudas e de reintegro das mesmas estarase ao disposto no artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Procederá o reintegro das cantidades percibidas, coa conseguinte esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, nos casos do artigo 33 LSG.

Canto ás infraccións e sancións en que poidan incorrer os beneficiarios destas axudas e procedemento para a súa imposición estarase ao disposto no IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

A renuncia ou anulación de matrícula do curso 2015-2016 dará lugar ao reintegro das cantidades percibidas.

DÉCIMO QUINTA.- Tratamento de datos de carácter persoal

Segundo os principios de transparencia e de boas prácticas nas administracións públicas, o Servizo de Educación do Concello de Vigo publicará na súa páxina web oficial a relación dos adxudicatarios, polo que a presentación da solicitude por parte do alumnado da EOIV leva

implícita a autorización expresa para o tratamento necesario dos datos dos adxudicatarios e da súa inclusión e publicación na citada páxina web ou nos rexistros municipais dos datos básicos relevantes referidos ás bolsas concedidas.

A reserva que o/a solicitante faga no sentido de non autorizar a obtención de datos ou a publicidade dos datos nos rexistros, que en todo caso terá que expresarse por escrito, poderá dar lugar á exclusión do proceso de participación para obter a bolsa ou, no seu caso, á revogación do acto de concesión. Non entanto, e de conformidade co disposto na Lei Orgánica 15/1999 de 13 de decembro de Protección de Datos de Carácter Persoal, respectarase o carácter confidencial da información dos beneficiarios á que se teña acceso como consencuencia da concesión das bolsas, non podendo utilizala con finalidade distinta á establecida nas bases desta convocatoria.

DÉCIMO SEXTA.- Disposición final

A presente convocatoria rexerese pola Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo para o ano 2015, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

A presentación da solicitude implica a aceptación das bases desta convocatoria.

| ANEXO I | | | | | | | | | |
|---|--------------------------------------|---------|----------|-----------|------------------|------------|-----------|--------|------|
| SOLICITUDE DE CONCESIÓN DA BOLSA “CONCELLO DE VIGO” PARA ESTANCIAS LINGÜÍSTICAS NO ESTRANXEIRO DO ALUMNADO DA ESCOLA OFICIAL DE IDIOMAS DE VIGO-EOIV (ANO 2016). | | | | | | | | | |
| 1 | DATOS DO ALUMNO/A SOLICITANTE | | | | | | | | |
| PRIMEIRO APELIDO: | | | | | SEGUNDO APELIDO: | | | | |
| NOME: | | | | | | | | | |
| ENDEREZO | | | | | | NÚM. | PISO | BLOQUE | C.P. |
| POBOACIÓN: | | | | | | PROVINCIA: | | | |
| DATA DE NACEMENTO | | SEXO | | DNI / NIE | | LETRA | PASAPORTE | | |
| | | Home | | Muller | | | | | |
| TELÉFONO FIXO: | | | | | TELÉFONO MÓBIL: | | | | |
| E-MAIL SOLICITANTE: | | | | | | | | | |
| 2 | DATOS ACADÉMICOS DO ALUMNO/A | | | | | | | | |
| LINGUA NA QUE ESTÁ MATRICULADO NA EOI: | | | | | | | NIVEL: | | |
| IDIOMA NO QUE SOLICITA A BOLSA: (Risque cun X o idioma que proceda) | | | | | | | | | |
| INGLÉS | ALEMÁN | FRANCÉS | ITALIANO | PORTUGUÉS | XAPONÉS | CHINÉS | | | |

| | | | | | |
|--|---|------------|-----------|------------|------------|
| CALIFICACIÓN FINAL OBTIDA NO IDIOMA NO QUE SOLICITA A BOLSA, QUE FIGURA NA CERTIFICACIÓN ACADÉMICA DA EOIV: | | | | | |
| 3 | DATOS RELATIVOS AO SOLICITANTE (Táchese o que proceda) | | | | |
| É DE NACIONALIDADE ESPAÑOLA OU RESIDENTE LEGAL: | | | SI | | NON |
| ESTÁ EMPADROADO NO CONCELLO DE VIGO: | | | SI | | NON |
| FAMILIA NUMEROSA: | | ESP | | XER | NON |
| 4 | ACHEGA DOCUMENTACIÓN (Risque cun X o que proceda) | | | | |
| 2 Fotocopias do DNI, autorización de residencia ou pasaporte en vigor. | | | | | |
| Copia do Libro de familia ou documentación acreditativa familia numerosa, se é o caso. | | | | | |
| Convenio regulador ou sentenza de separación acreditar condición familia monoparental | | | | | |
| Certificación académica orixinal emitida pola EOIV conforme ao disposto na Base 6ª | | | | | |
| Copia da última declaración da renda ou certificado de estar exento, se é o caso | | | | | |
| Certificación desemprego INEM e vida Laboral | | | | | |
| Documentación acreditativa do nº de conta bancaria do/a solicitante | | | | | |
| Outros. Especificar: | | | | | |

Solicita, segundo o establecido na convocatoria das Bolsas Concello de Vigo ano 2016, que se lle conceda a mencionada axuda para a participación no programa de estancias lingüísticas no estranxeiro para alumnado da EOIV. Así mesmo, declara non estar incurso en ningunha das prohibicións do artigo 10 da Lei 9/2007, de Subvencións de Galicia.

Vigo, de de 2015
Sinatura do/a solicitante

AUTORIZACIÓN INFORMACIÓN FISCAL

Con motivo da solicitude de participación na convocatoria das Bolsas “Concello de Vigo” para estancias lingüísticas no estranxeiro para alumnado da Escola Oficial de Idiomas de Vigo (EOIV), Ano 2016, dou expresamente o meu consentimento para a comprobación telemática, pola que se simplifica a documentación para a tramitación dos procedementos administrativos e se fomenta a utilización de medios electrónicos e, AUTORIZO ao Servizo de Educación do Concello de Vigo para que, conforme ao disposto no art 20.3 da Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia (LSG), solicite á Axencia Estatal de Administración Tributaria a información en relación co cumprimento das miñas/nosas obrigas tributarias estatais e coa Comunidade Autónoma de Galicia.

| Nome e Apelidos do/a solicitante | DNI / NIE | Sinatura |
|----------------------------------|-----------|----------|
| | | |

Solicita, segundo o establecido na convocatoria de Bolsas “Concello de Vigo”, para estancias lingüísticas no estranxeiro para alumnado da Escola Oficial de Idiomas de Vigo (EOIV), Ano 2016; que se lle conceda a mencionada praza para a participación no programa indicado. Así mesmo, autoriza ao Servizo de Educación para o tratamento necesario e a publicación destes datos.

Sinatura Alumno/a solicitante

Vigo, de de 2015

ANEXO II

DECLARACIÓN COMPLEMENTARIA DO CONXUNTO DE AXUDAS CONCEDIDAS AO ALUMNO/A NO MARCO DA CONVOCATORIA DAS BOLSAS “CONCELLO DE VIGO” PARA ESTANCIAS LINGÜÍSTICAS NO ESTRANXEIRO DO ALUMNADO DA ESCOLA OFICIAL DE IDIOMAS DE VIGO. ANO 2016

| |
|---|
| Don/dona: |
| Con enderezo en: |
| Código postal: |
| Concello: |
| co NIF nº |
| Tendo presentada unha solicitude de axudas ao abeiro da convocatoria de bolsas “Concello de Vigo” para Estancias lingüísticas no estranxeiro pola que se convocan axudas en réxime de concorrencia competitiva dirixidas ao alumnado da Escola Oficial de Idiomas de Vigo no ano 2016 |
| DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE: <ul style="list-style-type: none">•Que non ten concedida durante o ano 2015 ningunha outra axuda para a participación en actividades coa mesma finalidade que as previstas nesta convocatoria.•Que non ten residido nun país de fala do idioma en que se concede a bolsa durante máis de 12 meses, nos últimos 10 anos.•Que non ten sido beneficiario/a dunha bolsa municipal para estancias lingüísticas no estranxeiro para alumnado da EOIV nas anteriores edicións.•Que non ten gozado nos cinco últimos anos dunha axuda para un programa similar ou coa mesma finalidade. |
| E, para que así conste, asino a presente declaración no lugar e data abaixo indicados. |
| Vigo,.....de.....de 2015 |
| (sinatura do alumno/a) |

ANEXO III

ACEPTACIÓN OU RENUNCIA Á BOLSA “CONCELLO DE VIGO” CONCEDIDA PARA ESTANCIAS LINGÜÍSTICAS NO ESTRANXEIRO DO ALUMNADO DA ESCOLA OFICIAL DE IDIOMAS DE VIGO. ANO 2016.

Datos do solicitante:

Nome:

1º Apelido:

2º Apelido:

NIF:

| ACEPTACIÓN DA BOLSA | RENUNCIA Á BOLSA |
|---------------------|------------------|
| | |

ACHEGO:

Contrato asinado cunha empresa que presta integramente o servizo necesario para o cumprimento do programa de estancias Lingüísticas no estranxeiro aprobado pola Escola Oficial de Idiomas de Vigo.

SOLICITO:

Sexa admitida e xuntada ao meu expediente, para participar da bolsa “Concello de Vigo” para estancias lingüísticas no estranxeiro de alumnado da EOIV, ano 2016.

Asemade, dou a miña conformidade a recibir a atención médica que, de darse o caso, fose precisa.

Vigo , de do 2015

Sinatura do beneficiario/a

Concello de Vigo. Concellería de Educación

Bolsas “Concello de Vigo” de estancias lingüísticas no estranxeiro para alumnado EOIV.

Prazo do Rei, 1 -11 andar

36202 VIGO

ANEXO IV

PROGRAMA DE ESTANCIAS LINGÜÍSTICAS NO ESTRANXEIRO PARA ALUMNADO DA ESCOLA OFICIAL DE IDIOMAS DE VIGO.

(BOLSAS CONCELLO DE VIGO. ANO 2016)

Aprobado pola Escola Oficial de Idiomas de Vigo: Acta da Comisión de Valoración do “Programa Estancias Lingüísticas no Estranxeiro para alumnado da Escola Oficial de Idiomas de Vigo” das Bolsas “Concello de Vigo” 2015-2016 no día 1 de outubro de 2015.

Características mínimas do Programa de Formación

Como mínimo cumprírase cos seguintes termos.

1. Curso de lingua

- Duración do curso contratado: 2 semanas (días lectivos: luns – venres)
- Número mínimo de leccións a semana contratadas: 20 leccións / semana | 20 horas / semana.
- Duración mínima de cada lección: 45 minutos.
- Número máximo de estudantes por aula: 16 alumnos.
- Profesorado Nativo na lingua de destino.
- Realización de Test de nivel.
- Diploma acreditativo da realización do programa.
- Características dos centro de estudos:
 - Acreditación/certificación dos centros de estudo: No caso de Inglaterra debe de estar acreditado polo British Council, e nos destinos restantes, nos que sexa posible, por algún organismo nacional ou internacional.
 - A localización: No centro das cidades dos destinos ou cerca da cidade con boa conexión.
 - Recursos: Deben de estar equipados con instalacións modernas (ordenadores, acceso a internet, biblioteca multimedia, espazo de estudos, etc).

2. Aloxamento

O aloxamento dependendo do destino, poderá ser: Hostal - Residencias de estudantes ou apartamentos/pisos compartidos, con habitación dobre compartida e baño compartido. Deberá estar ben comunicado coa escola tendo en conta que estamos en capitais europeas, Tokio e Pekín.

Exclúese os destinos de Xapón e China xa que este concepto corre por conta dos bolseiros.

3. Desprazamentos

O desprazamento será en avión dende o aeroporto de Vigo a cidade de destino, tanto na ida como a volta. Os desprazamentos internos quedan excluídos do Programa. Só no destino de Londres, incluírase o desprazamento en autobús dende o aeroporto á residencia e viceversa.

4. Acompañamento

No destino Londres, acompañará un monitor da empresa.

Desglose cuantías económicas das bolsas por destino:

| Nº de bolsas | Destino | Distribución por Niveis | Contía/bolsa euros | Importe total euros |
|--------------|---------|---------------------------------------|--------------------|---------------------|
| 34 | Londres | Todas Intermedio II e Avanzado I e II | 1.665,00 | 56.610,00 |
| 5 | París | Todas Intermedio II e Avanzado I e II | 1.970,00 | 9.850,00 |
| 2 | Berlín | Todas Intermedio II e Avanzado I e II | 1.680,00 | 3.360,00 |
| 2 | Roma | Todas Intermedio II e Avanzado I e II | 1.680,00 | 3.360,00 |
| 2 | Lisboa | Avanzado I e II | 1.580,00 | 3.160,00 |

| | | | | |
|----|-------|----------------------------------|----------|--------------------|
| 1 | Tokio | Intermedio II e III e Avanzado I | 1.925,00 | 1.925,00 |
| 1 | Pekín | Intermedio I, II e III | 1.735,00 | 1.735,00 |
| 47 | | | | 80.000,00 € |

A razón primordial que xustifica a recomendación de que se inclúa o necesario compromiso dos posibles beneficiarios/as das bolsas “Concello de Vigo 2015-2016”, de contratar cunha empresa ou entidade cualificada e especializada, que preste un servizo que expresamente cumpra na súa integridade co programa formativo-lingüístico aprobado pola Escola Oficial de Idiomas de Vigo (EOIV); está baseada na experiencia práctica da EOIV na posta en marcha de iniciativas semellantes, e na información extraída da positiva avaliacións das edicións anteriores destas axudas municipais.

Entendemos que para cada beneficiario/a resulta unha tarefa complicada a xestión de xeito individual de toda a loxística organizativa que inclúe o disfrute da bolsa municipal (desprazamento, aloxamento en destino, escola que imparta o programa formativo validado pola EOIV, coberturas de seguros...), polo que sen dúbida algunha se garante unha xestión máis efectiva e eficiente, recorrendo a empresas especializadas do sector que teñen un coñecemento exhaustivo no campo da promoción do plurilingüismo, e na mobilidade noutros países co obxectivo de acceder ao coñecemento de linguas estranxeiras e á diversidade cultural.

Programa Formativo: Características Específicas

| Destino | Tipo Aloxamento | Nº Becas |
|---------|---|----------|
| Londres | En Hostais, Residencias de estudantes ou apartamento/piso compartido, con habitación compartida e baño compartido, e sen comidas. | 34 |
| París | En Hostais, Residencias de estudantes ou apartamento/piso compartido, con habitación compartida e baño compartido, e sen comidas. | 5 |
| Berlín | En Hostais, Residencias de estudantes ou apartamento/piso compartido, con habitación compartida e baño compartido, e sen comidas. | 2 |
| Roma | En Hostais, Residencias de estudantes ou apartamento/piso compartido, con habitación compartida e baño compartido, e sen comidas. | 2 |
| Lisboa | En Hostais, Residencias de estudantes ou apartamento/piso compartido, con habitación compartida e baño compartido, e sen comidas. | 2 |
| Tokio | Por conta do bolseiro/a e sen comidas. | 1 |
| Pekín | Por conta do bolseiro/a e sen comidas. | 1 |

Total Bolseiros: 47

Características Destinos / Estancias:

| Inglate- rra: | Londres | |
|--|---|--|
| a. Características del curso: | | |
| Ubicación: | Londres Centro | |
| Duración Programa: | 2 semanas | |
| Tipo Curso: | Intensivo: mínimo 20 leccións / semana | |
| Duración 1 lección | Mínimo 45 minutos | |
| Nº máximo de estudantes por aula: | 16 estudantes | |
| Outros datos de interese: | <ul style="list-style-type: none"> Test de Nivel, Material de estudo e Diploma Acreditativo A Escola deberá estar acreditada (ex: British Council, membro do English UK). | |
| b. Características do Aloxamento: | | |

| | |
|------------------------|---|
| Aloxamento: | En Hostais, Residencias de estudantes ou apartamento/piso compartido, con habitación compartida e baño compartido, e sen comidas. |
| Situación: | Deberá estar céntrico e ben comunicado coa escola. |
| Total Bolsas 34 | |

| Francia: | París |
|--|---|
| a. Características del curso: | |
| Ubicación: | París Centro |
| Duración Programa: | 2 semanas |
| Tipo Curso: | Intensivo: mínimo 20 leccións / semana |
| Duración 1 lección | Mínimo 45 minutos |
| Nº máximo de estudantes por aula: | 16 estudantes |
| Outros datos de interese: | <ul style="list-style-type: none"> • Test de Nivel e Diploma Acreditativo • A Escola deberá estar acreditada (ex: TEF, UNOSEL, Chambre de Commerce et d'industrie de Paris,...) |
| b. Características do Aloxamento: | |
| Aloxamento: | En Hostais, Residencias de estudantes ou apartamento/piso compartido, con habitación compartida e baño compartido, e sen comidas. Deberá estar céntrico e ben comunicado coa escola. |
| Situación: | Deberá estar céntrico e ben comunicado coa escola. |
| Total Bolsas 5 | |

| Alema- nia: | Berlín |
|--|--|
| a. Características del curso: | |
| Ubicación: | Berlín Centro |
| Duración Programa: | 2 semanas |
| Tipo Curso: | Intensivo: mínimo 20 leccións / semana |
| Duración 1 lección | Mínimo 45 minutos |
| Nº máximo de estudantes por aula: | 16 estudantes |
| Outros datos de interese: | Test de Nivel, Material de estudo e Diploma Acreditativo |
| b. Características do Aloxamento: | |
| Aloxamento: | En Hostais, Residencias de estudantes ou apartamento/piso compartido, con habitación compartida e baño compartido, e sen comidas. Deberá estar céntrico e ben comunicado coa escola. |
| Situación: | Deberá estar céntrico e ben comunicado coa escola. |
| Total Bolsas 2 | |

| Italia: | Roma |
|--|---|
| a. Características del curso: | |
| Ubicación: | Roma Centro |
| Duración Programa: | 2 semanas |
| Tipo Curso: | Intensivo: mínimo 20 leccións / semana |
| Duración 1 lección | Mínimo 45 minutos |
| Nº máximo de estudantes por aula: | 16 estudantes |
| Outros datos de interese: | <ul style="list-style-type: none"> • Test de Nivel, Material de estudo e Diploma Acreditativo • A Escola deberá estar acreditada (ex: Membro da EAQUALS, de ELITE ou de ASILS). |
| b. Características do Aloxamento: | |
| Aloxamento: | En Hostais, Residencias de estudantes ou apartamento/piso compartido, con habitación compartida e baño compartido, e sen comidas. Deberá estar céntrico e ben comunicado coa es- |

| | |
|------------|--|
| | cola. |
| Situación: | Deberá estar céntrico e ben comunicado coa escola. |
| | Total Bolsas 2 |

| | |
|--|--|
| Portugal: | Lisboa |
| a. Características del curso: | |
| Ubicación: | Lisboa Centro |
| Duración Programa: | 2 semanas |
| Tipo Curso: | Intensivo: mínimo 20 leccións / semana |
| Duración 1 lección | Mínimo 45 minutos |
| Nº máximo de estudantes por aula: | 16 estudantes |
| Outros datos de interese: | <ul style="list-style-type: none"> • Test de Nivel, Material de estudo e Diploma Acreditativo • A Escola deberá estar acreditada. |
| b. Características do Aloxamento: | |
| Aloxamento: | En Hostais, Residencias de estudantes ou apartamento/piso compartido, con habitación compartida e baño compartido, e sen comidas. Deberá estar céntrico e ben comunicado coa escola. |
| Situación: | Deberá estar céntrico e ben comunicado coa escola. |
| | Total Bolsas 2 |

| | |
|--|--|
| Xapón: | Destino aberto |
| a. Características del curso: | |
| Ubicación: | Destino aberto. |
| Duración Programa: | 2 semanas |
| Tipo Curso: | Estándar: Mínimo 20 leccións / semana |
| Duración 1 lección | Mínimo 45 minutos |
| Nº máximo de estudantes por aula: | 16 estudantes |
| Outros datos de interese: | <ul style="list-style-type: none"> • Test de Nivel, Material de estudo e Diploma Acreditativo |
| b. Características do Aloxamento: | |
| Aloxamento: | Correrá por conta do bolseiro e sen comidas |
| | Total Bolsas 1 |

| | |
|--|--|
| China: | Destino aberto |
| a. Características del curso: | |
| Ubicación: | Destino aberto. |
| Duración Programa: | 2 semanas |
| Tipo Curso: | Estándar: Mínimo 20 leccións / semana |
| Duración 1 lección | Mínimo 45 minutos |
| Nº máximo de estudantes por aula: | 16 estudantes |
| Outros datos de interese: | <ul style="list-style-type: none"> • Test de Nivel, Material de estudo e Diploma Acreditativo |
| b. Características do Aloxamento: | |
| Aloxamento: | Correrá por conta do bolseiro e sen comidas. |
| | Total Bolsas 1 |

10(1271).- PAGAMENTO DOS DEREITOS DE AUTOR XERADOS POLOS ESPECTÁCULOS DO PROGRAMA “VIGO EN FESTAS 2015”. EXPTE. 6237/335.

Visto o informe de fiscalización de data 5.11.15, dáse conta do informe-proposta da xefa do servizo de Festas, do 10.11.15, conformado polo secretario de Admón. Municipal, pola concelleira-delegada de Festas e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

A Concellería de Festas e Turismo organizou o programa de actividades e espectáculos “Vigo en Festas 2015, que se desenvolveu en diferentes puntos da nosa cidade nos meses de xullo e agosto pasados.

Segundo a lexislación vixente, estas actividades e espectáculos están suxeitos a unha serie de taxas regulamentadas pola Lei de propiedade intelectual, en concepto de dereitos de autor que correspondan en cada caso. O control e fiscalización destas taxas correspóndenlle á Sociedad General de Autores y Editores (SGAE), polo que se lle solicitou presuposto por este concepto.

No caso do Concello de Vigo, existe unha bonificación do 25% nos espectáculos musicais grazas á sinatura da Acta de adhesión ao Convenio suscrito no ano 1996 entre a SGAE e a FEMP, aprobada por Decreto de Alcaldía de data 24 de xullo de 2001. Así mesmo, segundo as Tarifas aplicadas ás Corporacións locais para este ano, a tarifa que se aplica sobre os gastos da actuación foi rebaixada do 10 ao 8,5%.

O presuposto final non foi presentado pola devandita entidade ata o día 20 de outubro, pola necesidade de solicitar as tarifas das distintas actividades musicais, mediante a comprobación cos distintos autores. O importe presentado pola SGAE ascende a 8.600,84 euros máis 1.806,18 euros en concepto de IVE, que fan un total de 10.407,02 euros (dez mil catrocentos sete euros con dous céntimos).

Este gasto podería imputarse á aplicación presupostaria 3380.226.0906 (Festas de Vigo) do programa orzamentario de Festas para o vixente exercicio.

PROPOSTA

“Autorizar un gasto por un importe total de 10.407,02 euros (8.600,84 máis 1.806,18 euros de IVE) en concepto dos dereitos de autor derivados da realización das actividades e espectáculos incluídos no programa ‘Vigo en Festas 2015’, con cargo á aplicación presupostaria 3380.226.0906 (Festas de Vigo) do programa presupostario de Festas para o vixente exercicio. Este pagamento realizarase á Sociedad General de Autores y Editores (SGAE), CIF G-28.029.643, previa a presentación da correspondente factura.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11.- DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN TRAMITADOS POLO RÉXIME DE GASTO MENOR NO SERVIZO DE FESTAS DURANTE O MES DE OUTUBRO DE 2015. EXPTE. 6255/335.

Mediante providencia de data 6.11.15, en cumprimento co establecido na Base 31^a das de execución do orzamento xeral do Concello de Vigo prorrogado para o ano 2015, a concelleira delegada da Área de Festas e Turismo, dá conta da relación de expedientes de contratación tramitados polo réxime de gasto menor no Servizo de Festas, durante o mes de outubro de 2015, tal e como se transcribe de seguido:

*Expte: 6239/335. CONTRATACIÓN DOS OBRADOIROS INFANTÍIS PARA O SAMAIÑ 2015
Decreto concelleira data: 23/10/2015*

Informe Intervención: RCM 69310
 Adxudicatario: TROULA ANIMACIÓN SL
 Importe total: 1.029,50 EUROS

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

12(1272).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN TRAMITADOS POLO RÉXIME DE GASTO MENOR NO SERVIZO DE IGUALDADE DURANTE O MES DE OUTUBRO DE 2015. EXPTE. 6890/224.

Mediante escrito de data 5.11.15, en cumprimento co establecido na base 31ª das de execución do Orzamento xeral do Concello de Vigo, a concelleira de Igualdade, dá conta á Xunta de Goberno Local dos expedientes de contratación tramitados polo réxime de contrato menor no Servizo de Igualdade, no mes de outubro, que son os seguintes:

| Expte. | Tipo | Asunto | Adxudicataria/o | Aplicación orzamentaria | Nº operación | Data Decreto | Importe |
|----------|------|---|-------------------------------------|-------------------------|--------------|--------------|------------|
| 6880-224 | CMSE | Cursos do programa "Ser muller é unha boa idea" | Mª Jesús Bendaña Rodríguez | 23112279906 | 68027 | 22/10/15 | 432,00 € |
| 6864-224 | CMSE | Cursos do programa "Ser muller é unha boa idea" | Aula Sísifo de Formación | 23112279906 | 65767 | 08/10/15 | 936,00 € |
| 6865-224 | CMSE | Cursos do programa "Ser muller é unha boa idea" | Mª Jesús Bendaña Rodríguez | 23112279906 | 65765 | 08/10/15 | 2.556,00 € |
| 6866-224 | CMSE | Cursos do programa "Ser muller é unha boa idea" | Begoña Miguelez Arias | 23112279906 | 65769 | 08/10/15 | 360,00 € |
| 6862-224 | CMSE | Cursos do programa "Ser muller é unha boa idea" | MªPilar Lorenzo Represas | 23112279906 | 65766 | 08/10/15 | 378,00 € |
| 6857-224 | CMSE | Cursos do programa "Ser muller é unha boa idea" | Mª Carmen Lamas Estévez | 23112279906 | 65763 | 08/10/15 | 1.800,00 € |
| 6858-224 | CMSE | Cursos do programa "Ser muller é unha boa idea" | E. Alejandra Abreu Pérez | 23112279906 | 65761 | 08/10/15 | 720,00 € |
| 6859-224 | CMSE | Cursos do programa "Ser muller é unha boa idea" | Asc. Galega Aerobic Fitness e Saúde | 23112279906 | 65762 | 08/10/15 | 2.286,00 € |
| 6860-224 | CMSE | Cursos do programa "Ser muller é unha boa idea" | Elena Pérez Posada | 23112279906 | 65764 | 08/10/15 | 2.376,00 € |
| 6861-224 | CMSE | Cursos do programa "Ser muller é unha boa idea" | Mónica Calvo Serrano | 23112279906 | 65768 | 08/10/15 | 720,00 € |

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

13(1273).- TRANSFERENCIA Á CONTA DA “FUNDACIÓN DA AXENCIA INTERMUNICIPAL DE ENERXÍA DE VIGO” (FAIMEVI)- COTA ANO 2015. EXPTE. 15961/444.

Dáse conta do informe-proposta do 3.11.15, do xefe dos servizos enerxéticos, conformado polo asesor xurídico de Fomento, o concelleiro-delegado de dita Área, o concelleiro de Orzamentos e Facenda e polo interventor xeral, que di o seguinte:

Antecedentes

En sesión plenaria de data 24 de febreiro de 2003 foron aprobados os Estatutos da Fundación da Axencia Intermunicipal da Enerxía de Vigo e posteriormente aprobada modificación dos mesmos en sesión do 23 de febreiro de 2004.

O Concello de Vigo é membro fundador da devandita Fundación. No artigo 11 c) dos devanditos Estatutos establécese entre as obrigas dos membros da fundación a de:

“<<.....>> Satisfacer as achegas ordinarias e extraordinarias que se establezan en cada caso e para cada clase deles”.

En relación coa aportación anual, na sesión ordinaria do padroado de data 11 de decembro de 2014, aprobouse o Plan de Actuación para o ano 2015, aprobándose dentro do seu capítulo económico prorrogar as cotas dos Patróns para o ano 2015. Ao Concello de Vigo correspóndelle satisfacer unha cota para o ano 2015 por un importe de 33.886,73 euros. Polo que para dar cumprimento ao devandito acordo,

Faise á Xunta de Goberno Local a seguinte, PROPOSTA:

- 1º.- Aprobar a transferencia á conta da Fundación da Axencia Intermunicipal de Enerxía de Vigo (FAIMEVI) por unha contía de 33.886,73 euros, para dar cumprimento do acordo adoptado pola mesma en sesión ordinaria do seu Padroado de data 11 de decembro de 2014, dende a partida orzamentaria 1650 4890000.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(1274).- APROBACIÓN INICIAL DO PROXECTO DE MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº 13 DO PXOM DE VIGO NO ÁMBITO DA “AOD A-4-76-SEARA”. EXPTE. 14606/411.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do da técnica de Admón. Xeral, do 30.10.15, conformado pola xefa de Planeamento e Xestión da Xerencia Municipal de Urbanismo, que di o seguinte:

En data 06.06.2015, a Vicepresidenta da XMU ditou Resolución incoando a modificación puntual nº. 13 do PXOM/08 no ámbito de solo urbano non consolidado «A-4-76 Seara», en cumprimento e como consecuencia das sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia do 29.07.2011 (p.o. 4440/2008, confirmada por sentenza do Tribunal Supremo do 05.05.2014), do día 31.01.2013 (recurso de apelación nº. 4561/2012) e do día 27.06.2013 (recaídas na cuestión de ilegalidade nº.4837/2012 e na cuestión de ilegalidade

nº.4846/2012) e, así mesmo, instou da Oficina de Planeamento e Xestión a elaboración da documentación técnica necesaria para a tramitación e aprobación desa modificación puntual do PXOM/08.

En marzo de 2015, os servizos técnico-xurídicos da Oficina de Planeamento e Xestión asinaron o Documento Ambiental Estratéxico e o Borrador de Plan requiridos na Lei 21/2013, de 9 de decembro, de Avaliación ambiental e mediante oficio da Vicepresidenta da XMU do día 17.03.2015, dirixido á Secretaría de Ordenación do territorio e urbanismo, remitiuse a dita documentación e formulouse a solicitude de inicio do procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada.

O día 09.06.2015, o Secretario xeral de Calidade e Avaliación ambiental resolveu formular o informe ambiental estratéxico da modificación puntual nº. 13 do PXOM de Vigo relativo ao non sometemento da dita modificación puntual ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria (publicada no DOGA nº. 125, do 06.07.2015).

Con data 18.08.2015, o Departamento de Mobilidade e Seguridade emitiu o informe incorporado ao expediente.

O día 30.10.2015, foi emitido o informe de calidade e legalidade da modificación puntual nº. 13 do PXOM contemplado no artigo 85 da LOUGA.

FUNDAMENTOS LEGAIS OU CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

I. Normativa examinada

- Real decreto 2/2008, de 20 de xuño, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de solo (TRLS 2008)
- Lei 8/2013, de 26 de xuño, de Rehabilitación, rexeneración e renovación urbanas
- Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUGA)
- Lei 10/1995, de 23 de novembro, de Ordenación do territorio (LOT)
- Real decreto 2159/1978, de 23 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de planeamento para o desenvolvemento e aplicación da Lei sobre o réxime do solo e ordenación urbana (RPU)
- Real decreto 3288/1978, de 25 de agosto, polo que se aproba o Regulamento de xestión urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei sobre o réxime do solo e ordenación urbana (RXU)
- Real decreto 1093/1997, de 4 de xullo, polo que se aproban as normas complementarias ao Regulamento para a execución da Lei hipotecaria sobre inscrición no Rexistro da Propiedade de actos de natureza urbanística
- Decreto 19/2011, de 10 de febreiro, polo que aproban definitivamente as Directrices de ordenación do territorio (DOT)
- Lei 9/2006, de 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente
- Lei 21/2013, de 9 de decembro, de Avaliación ambiental
- Lei 6/2007, de 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia
- Lei 8/2012, de 29 de xuño, de Vivenda de Galicia (LVG)
- Decreto 29/2010, de 4 de marzo, polo que se aproban as normas de habilitabilidade de Galicia
- Lei 8/1997, de 20 de agosto, de Accesibilidade e supresión de barreiras
- Decreto 35/2000, de 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de Desenrolo e execución da Lei de Accesibilidade e supresión de barreiras
- Lei 7/2008, de 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia (LPPG)
- Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa

- *Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común*
- *Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LBRL)*
- *Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia (LALGA)*
- *Plan xeral de ordenación municipal de Vigo de 2008, aprobado definitiva e parcialmente pola Orde da CPTOPT de 16 de maio de 2008 (Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra -BOP- n.º 151, de 06.08.2008; DOG n.º 106, de 03.06.2008) e do Conselleiro de CMATI de 13 de xullo de 2009 (BOP n.º 175, de 10.09.2009; DOG n.º 144, de 24.07.2009) de aprobación do documento da orde do 16.05.2008(PXOM)*
- *Estatutos da Xerencia Municipal de urbanismo, na súa redacción aprobada definitivamente no Pleno do Concello de Vigo de 06.09.2010 (BOP n.º 193, de 06.10.2010)*

II. Obxecto da modificación puntual nº. 13 do PXOM de Vigo no ámbito da «A-4-76 SEARA» do PXOM de Vigo.

A modificación puntual nº. 13 do PXOM de Vigo foi elaborada en cumprimento da Resolución da Vicepresidenta da XMU de data 06.06.2014 dictada con motivo dos pronunciamentos xurisdiccionais contidos nas sentenzas dictadas polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia en data 29.07.2011 no P.O. 4440/2008 (confirmada por sentenza do Tribunal Supremo do día 05.05.2014), en data 31.01.2013 no recurso de apelación nº. 4561/2012 e en data 27.06.2013 na cuestión de ilegalidade nº.4837/2012 e na cuestión de ilegalidade nº.4846/2012, relativas a parcelas sitas no ámbito «AOD A-4-76 SEARA» do PXOM de Vigo.

As referidas sentenzas recoñeceron a condición de solo urbano consolidado das parcelas que nelas se refiren debendo o PXOM de Vigo excluílas do polígono de solo urbano non consolidado da «AOD A-4-76 SEARA» no que o PXOM as incluíra e dotalas da ordenación pormenorizada que mellor responda ao interese xeral. Ao propio tempo, esta modificación puntual requiriu do estudo da situación xerada nese polígono dado que a súa ordenación e delimitación vese afectada polas determinacións e cumprimento daqueles faios xudiciais.

Polo tanto, a presente modificación puntual recoñece a condición de solo urbano consolidado das parcelas que se emprazan nos nº. 94, 96, 98 e 100 da r/López Mora e 25 da rúa r/Tomás Alonso, en Vigo, abordando, igualmente, a súa ordenación detallada. Ademais, opta por remitir a ordenación pormenorizada do novo ámbito da «A-4-76 SEARA» a un plan especial en cuxo seo se aborde a análise detallada do polígono e as concretas determinacións urbanísticas propias desa escala de detalle atendidos os condicionantes urbanísticos que presente, se ben, respectando os criterios de ordenación que se sinalan na documentación técnica deste modificación puntual (usos pormenorizados, tipoloxías edificatorias e criterios vinculantes de ordenación) e os seguintes obxectivos específicos:

- *Consecución das zonas verdes previstas e conexións externas accesibles.*
- *Conexión viaria rodada entre as rúas Tomás A. Alonso, r/Coruña e r/López Mora.*
- *Peonalización do camiño Seara, con acceso rodado restrinxido (residentes, acceso a garaxes, carga-descarga, outros, etc.), xunto coas conexións peonís dende a r/López Mora á zona verde.*
- *Fixación da ordenación detallada das parcelas que debe incorporarse como solo urbano consolidado, outorgándoseles aliñacións así como unha ordenanza reguladora.*
- *Sinalamento das aliñacións, que eviten a condición de inedificable das parcelas en solo urbano consolidado.*
- *Fixación das determinacións substantivas e vinculantes da ficha individualizada que se incorpore que cumpra cos obxectivos marcados pola modificación puntual.*

A modificación puntual se instrumentaliza no documento do PXOM coa substitución das follas 9-k e 10-k da serie 2 (escala 1/2000), da folia 6 da serie 1 (escala 1/5000, da ficha do APR A-4-76 SEARA, e coa supresión da ordenación do dito polígono.

III. Tramitación procedimental.

De acordo co disposto no art. 93.4 da LOUGA, a modificación de calquera dos elementos do planeamento urbanístico suxeitarase ás mesmas disposicións enunciadas para a súa tramitación e aprobación. No caso do plan xeral o procedemento de aprobación seguirá o previsto nos artigos 84 e 85 da LOUGA, obrando no expediente administrativo a Resolución do día 09.06.2015 do Secretario xeral de Calidade e Avaliación ambiental pola que formula o informe ambiental estratéxico da modificación puntual nº. 13 do PXOM de Vigo e decide non sometela ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria.

Así pois, con arreglo ao previsto no art. 85.2 da LOUGA, o Concello de Vigo procederá a súa aprobación inicial e o someterá, xunto con todos os documentos integrantes do expediente administrativo, ao trámite de información pública polo prazo de dous meses, mediante anuncio que se publicará no DOG e en dous dos xornais de maior circulación da provincia. Simultaneamente, e durante o mesmo prazo, darase audiencia aos concellos limítrofes e recabaranse os informes sectoriais previstos na lexislación vixente de acordo co criterio dos técnicos (artigos 32 da Lei 8/1995, de Patrimonio Cultural de Galicia e 7.2 da Lei 7/2008, de Paisaxe de Galicia, cando menos). Por expresa previsión do artigo 85.3 da LOUGA, non será necesaria a notificación individual da apertura do trámite de información pública ás persoas propietarias de terreos afectados.

Rematado o trámite de información pública, corresponderá ao Pleno do Concello a aprobación provisional do contido desta modificación puntual coas modificacións que resultaran procedentes, de ser caso, e o someterá, co expediente completo debidamente dilixenciado, ao titular da Consellería competente en materia de urbanismo e ordenación do territorio, como órgano autonómico competente para outorgar a súa aprobación definitiva (artigo 89 da LOUGA).

A Consellería, no prazo dun mes, examinará con carácter previo a integridade documental do proxecto de modificación puntual do PXOM e das actuacións administrativas realizadas e de apreciar a omisión ou defectuosa celebración dalgún trámite ou a existencia dalgunha deficiencia na documentación, requirirá a súa subsanación, fixando prazo ao efecto. Ata o cumprimento efectivo dese requirimento non comezará o cómputo do prazo legal para a resolución sobre a aprobación definitiva nin procederá resolver sobre ésta.

De acordo co artigo 85.10 da LOUGA, a modificación puntual se entenderá aprobada definitivamente se transcorren tres meses dende a entrada do expediente completo no rexistro do órgano competente sen que se comunicara a resolución que procedera, sempre que o expediente contivera os documentos e determinacións preceptivos.

Ademais, en aplicación da Lei 21/2013, de 9 de decembro, de Avaliación ambiental, no prazo de quince días hábiles dende a aprobación da modificación puntual, o órgano substantivo remitirá para a súa publicación ao diario oficial correspondente: o acordo de aprobación e unha referencia á dirección electrónica na que porá a disposición do público o seu contido íntegro da modificación puntual, xunto á referencia ao DOGA no que se publicou o informe ambiental estratéxico.

IV. Suspensión de licenzas.

De conformidade co artigo 77.2 da LOUGA, o acordo de aprobación inicial dos instrumentos de ordenación determinará, por sí só, a suspensión do procedemento de outorgamento de licenzas en aqueles ámbitos do territorio obxecto de planeamento cuxas novas determinacións supoñan a modificación da ordenación urbanística vixente. A estes efectos determinará expresamente as áreas afectadas pola suspensión, se ben, por aplicación do disposto no artigo 120.1 do RPU, poderán concederse aquelas licenzas que, baseadas no réxime vixente, respecten as determinacións do novo planeamento.

O ámbito de suspensión de licenzas corresponderase co polígono definido no PXOM como «AOD A-4-76 SEARA».

Dita suspensión terá unha duración máxima de dous anos contados dende dita aprobación e, en calquera caso, se extinguirá coa aprobación definitiva do planeamento.

V. Órgano competente.

É competente para a adopción deste acordo o Pleno do Concello co voto favorable da maioría absoluta da maioría legal de membros da Corporación (artigos 85.7 da LOUGA e 123.1.i) e 123.2 LRBRL), previa aprobación do proxecto pola Xunta de Goberno Local segundo o artigo 127.1.c) da LRBRL e ditame do Consello da XMU (artigos 3º.1 e 10º.1.a) dos Estatutos da XMU, AD versión consolidada aprobada polo Pleno o día 06.09.2010 -BOP nº.193, do 06.10.2010) na súa consideración de comisión informativa do Pleno (artigos 122.4.a) LRBRL e 47 e ss. ROP). Con anterioridade a súa adopción deberá emitir informe xurídico a Secretaría do Pleno (artigos 54.1.b) TRRL e 122.5.e).2º e 123.2 LRBRL) e a Intervención municipal (artigos 54.1.b) TRRL e 123.2 LRBRL). O acordo da aprobación inicial é un mero acto de trámite non susceptible de recurso administrativo, sen prexuízo do previsto no artigo 107 da LRXAP-PAC.

En consecuencia, visto o que antecede e sen prexuízo do informe a emitir polo Interventor municipal e polo Secretario xeral, propónse a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRA: Aprobar inicialmente a “Modificación Puntual nº 13 do PXOM de Vigo, no ámbito da AOD A-4-76 SEARA, redactada polos servizos técnico-xurídicos da Xerencia Municipal de Urbanismo en outubro de 2015, en cumprimento da Resolución da Vicepresidenta da XMU do 06.06.2014.

SEGUNDO: Abrir un trámite de información pública durante un prazo de dous meses, mediante anuncio que se publicará no DOGA e en dous dos periódicos de maior difusión da provincia. Simultaneamente e durante o mesmo prazo, se dará audiencia aos Concellos limítrofes e recabaranse os informes sectoriais que procedan.

TERCEIRO: Aos efectos do artigo 77.2 da LOUGA, determinar expresamente que o ámbito afectado pola suspensión de licenzas (por prazo de dous anos) correspóndese cos terreos incluídos no ámbito da AOD A-4-76 SEARA do PXOM de Vigo, cuxa delimitación será obxecto de publicación; se ben poderán concederse aquelas licenzas baseadas no réxime vixente que respecten as determinacións do novo planeamento, en atención ao disposto no artigo 120.1 do RPU.

CUARTO: Ordear a publicación do presente acordo, así como da documentación técnica conformante da modificación puntual inicialmente aprobada, na web do Concello de Vigo.

QUINTO: Notificar este acordo á Asesoría Xurídica da XMU para o seu coñecemento e efectos que procedan nos correspondentes procedementos xurisdiccionais e notificar este acordo a quen figure neles como demandantes.

Non obstante, o presente informe non é vinculante e o órgano competente co seu superior criterio, resolverá o que estime conveniente.

Con data 6.11.15, o Consello da Xerencia municipal de Urbanismo acorda elevar o presente proxecto á Xunta de Goberno local para a súa resolución.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás trece horas e dez minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

Isaura Abelairas Rodríguez.